

Cronoloxía Xeral

s. XII-XIII

Compra de propiedades na contorna do actual lugar da Rocha (Rial, Coira, Santomil, Porto de Fornelos, etc) por parte da mesa capitular, diversos cóengos e o arcebispo Xoán Arias

1241

Carlos Galbán Malagón da este ano como primeira referencia *post quem* do castelo e amosa como proba un título de feudo dado polo arcebispo Don Martiño nese ano. Da como proba a súa lectura do documento (AHDS, FG, 45 nº3)

Con todo, o documento preséntasenos en dúas versións, unha das cales foi publicada por A. Rodríguez hai anos. Este autor da como lectura o ano 1341 o que concordaría co mandato do arcebispo D. Martiño Fernández.

Hai que desbotar, xa que logo, a hipótese de Carlos Galbán: ou ben fixo a lectura polo traslado moderno do documento ou ben estamos ante un documento falso, do que non hai xeito de comprobar a súa autenticidade.

1253-9-8, Sevilla

Sentenza dada por Afonso X na querela entre o arcebispo e o concello de Santiago polo exercicio da xustiza e as novidades que, segundo parece, quería introducir o arcebispo D. Xoán Arias.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 254

querelaron los pesoneros sobredichos del Conceyo de Santiago que se alguno de la uila ha preyto con otro, primeyramiente es tenuto de Responder por ante los juyzes de la uila; et agora que uos, que ante que nenhun juyzo sea dado, aquellos que queredes sacadelos delante los juyzes, et fazedelos yr ante uos a Rocha forte; et que en esto le quebrantades su uso et so custumbre; lo que nunca fué.

Polo de agora esta é a cita mais antiga, desbancando a data dada tradicionalmente polos

investigadores. Non obstante, o castelo é anterior; estamos ante unha data *post quam*.

Teríamos que poñer esta construción en relación ás obras no pazo arcebispal e na catedral e con outros fenómenos como a aparición da denominación "Xiro da Rocha", os cambios na administración político-xudicial ou o desenvolvemento da fiscalidade sobre o comercio ao abeiro do crecente protagonismo das vilas (parece evidente que unha das funcións do castelo e a taxación do tráfico comercial). Ningún destes temas foi estudado ata o de agora e as referencias cronolóxicas identificadas para algún deles (por exemplo, a aparición do topónimo Xiro da Rocha), non son concluíntes.

1255-10-08

Constituciones capitulares sobre coro e cabido

Lopez Ferreiro, *Historia*, v. V ap. XXX

Statuimus etiam de personis et canonicis maniapanis duplariis morantibus nobiscum apud Rocham Fortem, quod eant ad processiones diebus dominicis et solemnitatibus. Et si yuerint ad Ciuitatem Compostellanam ante prandium veniant ad uesperas sive completorium...

"Estatuimos tamén sobre as persoas, cóengos, racioneiros e dobreiros que viven con nós na Rocha Forte, que vaian ás procesións os días domingo y solemnidades. E si viñeran á cidade compostelana antes do xantar veñan ás vésperas ou as completas..."

O arcebispo e o seu *staff* xa viven alí. Unha constitución capitular faise para permanecer - mesmo séculos-; neste caso, moi posiblemente para solucionar un problema recente: cóengos que estaban na cidade (ou moi preto) e que non cumprían a obriga de residencia. Esta debe ser unha situación nova, por isto precisa de regulación. Con todo, desta afirmación non se deriva que o castelo fora construído *ex novo*, senón que agora ten capacidade para dar acollida permanente ao prelado e o seu persoal ou que por algún motivo a *casa* arcebispal ten alí a súa residencia (por exemplo, polas obras no pazo de Santiago).

1266-5-4

Falece, no castelo da Rocha, o arcebispo D. Xoán Arias.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 297.

No seu testamento, feito pouco antes, o prelado deixa á Mitra, entre outros bens, o castelo. A división do cabido na elección dun novo prelado favoreceu a incorporación da cidade ao señorío real e abre o tempo de discordias que rematará coa chegada de D. Berenguel de Landoira. Segundo se deduce dos documentos deste interregno, foron tempos violentos, con queixas das cidades da terra de Santiago por asaltos nos camiños.

1269, 06-28

Constitución capitular sobre os procuradores e avogados do cabido que deben elixirse cada ano.

ACS, Libro de Constitucións 2, fol. 68v

et aduocent in causis capituli quas capitulum habuerit in ciuitate compostellana cum quibuscumque personis et in Rochaforti...

1282-5-3, Valladolid

O Infante D. Sancho -xa en loita co seu pai- reapodera á Igrexa de Santiago todo o que aquel lle tomara, xurisdicións, cargos etc.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 389; TB en Tombo B, doc. nº 8

et de los castiellos de Rochaforte, de Jalles, d'Oeste.... segunt que lo essa Egleſia auia en essa cibdad al tiempo della muerte del Arcibispo don Johan Aras, et dellas otras uillas del arcibispado de Santiago quellas el Rey auia tomadas a la Egleſia sobredicha por sanna que ouo del Arcibispo don Gonçalo Gomez

1318-11-22

Don Berenguel de Landoira chega á capital diocesana. Non pode entrar na cidade e se asenta no castelo da Rocha.

Díaz e outros, *Hechos*, p. 93

1319-2-2

Os composteláns atacan o castelo da Rocha, resultan incendiados o pazo e algunhas dependencias

Díaz e outros, *Hechos*, p. 97

1320-9-16

Execución dos representantes composteláns no castelo da Rocha

Vasco da Ponte, *Recuento*, p. 131

Díaz e outros, *Hechos*, p. 129-131

1320-9-27

Avinza entre D. Berenguel e os composteláns

González Balasch, *Tombo B*, doc. 113

Estas posturas et aviinças foron liüdas et publicadas et outorgadas perllos ditos sennores arçibispo et cabidoo de Santiago, enna capella de Santa Eufemia que he enno castello de Rocha Forte

1324-08-27, Rocha Forte

García Pérez do Campo e outros cidadáns de Compostela recoñecen como o seu señor e da cidade de Santiago ao arcebispo D. Berenguel.

González Balasch, *Tombo B*, Doc. 240

Estoy foy en Rocha Forte, XXVII...

1325-08-5, Rocha Forte

O arcebispo D. Berenguel de Landoira exime ao cabido e cóengos de pagar algúns dereitos na chancelaría arcebispal, en agradecemento polo seu esforzo na guerra *durissima* que tivo cos composteláns.

González Balasch, *Tombo B*, Doc. 203; tamén en López Ferreiro, *Historia*, v. VI ap. XIII

Datum apud Rupem Fortem,...

1326-6-24, A Rocha

Don Berenguel de Landoira outorga un ordenamento sobre a obriga das freguesías de facer batidas de lobos.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 399.

Dada en Rochaforte...

1326-9-01, Rocha Forte

Frei Berenguel, arcebispo, da unha provisión dirixida ao pertegueiro da Rocha e ao mordomo de Bama, da sentenza sobre un arrendamento.

Xusto Martín e Lucas Álvarez, *Fontes*, doc. 66

Et ao noso pertegeyro da Rocha et ao moordomo que andar no couto de Uama... Dada en Rocha forte...

1328-11-07

Dominga Pérez, chamada Soutiña, vive na Rocha Forte.

Xusto Martín e Lucas Alvarez, *Fontes*, Doc. 84.

#que eu Dominga Pérez, chamada Soutiña, moradora na Rocha Forte, por min e polo meu home Afonso Martínez... vendo e firmemente concedo a vos Fernando Pérez, cirurxián? do barrio do Campo, para vos e para vosa esposa Sancha Pérez e para toda a vosa voz, canta herdade eu teño ou debo ter de parte do meu pai Pedro da Fonte, nas vilas de Deiro, Outeiro e Costenla, e outras...#

(moratix apud Rocham Fortem)

1330-05

O arcebispo Don Berenguel de Landoira comunica ao vigairo do bispo de Mondoñedo que vai pasar por Melide, camiño a fronteira, e pide licenza para consagrar alí ao novo abade de San Martiño Pinario

Cal Pardo, *Tumbos*, doc. 831

Datum in castro nostro de Rupeforti feria secunda post festum ascensionis domini

1331-38

Relacion de Bens da mesa arcebispal

Tumbo Vermello, fol. 67r.

Iten ha mays en Galiza, estos castelos e casas fortes e fortalezas.

Prymeiramente:

a torre de Teys; iten o castelo de San Payo e val trezentos maravedis nas desmas de Redondela e mays a pertegueria e a portagee da Ponte de San Payo... Iten a Rocha de Padron. Iten a torre de dentro da vila de Padron. Iten o castelo da Rochaforte. Iten a Igllesia de Santiago e as torres da praça. Iten a torre da vila de Muro...

1333-7-24

Poder que da Pedro Eans da rúa dos Ferreiros a Afonso Gil, crego de San Tomé de Ames, a García Guterres, casteleiro da Rocha, Roi Correeiro e a Pedro Martín, cambeador, para que actúen como seus procuradores para diversos asuntos que non se detallan.

ACS, S- 20-7

Garçia Goterres, casteleyro da Rocha

É un poder xeral para procesos xudiciais, recadación de rendas... parece un asunto persoal

1334-05-10, Rocha Forte

Tramitación xudicial ante o arcebispo de Santiago don Xoán II dun litixio xurdido entre o prior do convento de San Domingos de Viveiro e o gardián do de San Francisco da mesma localidade, dunha parte, e os capeláns das igrexas de Santa María e Santiago da mesma vila de Viveiro, da outra. Nela transcríbense diversos documentos achegados ante o referido xuíz.

GMH-CDMO doc. 91

Nouerint uniuersi quod anno millesimo trecentesimo quarto die decima mensis madii in loco Rupeforti prope ciuitatem compostellanam coram Reuerendo in Christo patre et domno domno Johanne Dei et apostolice Sedis gratia sancte compostellane ecclesie archiepiscopo ac regni legionis

cancellario in presencia...

1340-02-14, Louro (Padrón)

O arcebispo D. Martiño encomenda aos seus casteleiros e mordomos en terra de Cordeiro unha reclamación do convento de Santa Clara de Santiago.

López Ferreiro, *Historia*, v. VI, p. 109-110.

aos casteleiros dos nosos castelos de Rocha forte et de Padron et do Est et aos portegueiros et mordomos que andaren eno couto et terra de Cordeiro

1341-6-14, Rocha Forte

D. Martiño Fernández, arcebispo, concede ao seu sobriño o feudo de varias freguesías.

Rodríguez González, *Libro de Feudos*, doc. nº 3

Dada en Rochaforte quatorze dias do mes de juyo era de mill e tresentos sateenta e nove anos.

1345-4-1, Rocha Forte

O arcebispo Don Pedro permuta co cabido o que lle pertence á Mitra en Boiro por uns terreos preto de Tui.

González Balasch, *Tumbo B*, doc. 0

Esto foy em Roche Forte, ennos paaços em que pousaba o dito sennor arçibispo

1346-9-28, A Rocha

Privilexio dado polo arcebispo D. Pedro, conservador da orde dos predicadores en España, no que se ordea o cumprimento dos privilexios dados polo Papa Bonifacio VIII en 1297 a prol das ordes relixiosas.

Rodríguez Núñez, *Belvís*, nº 68 (paxina 483)

Dada enno noso castello da Rocha Forte, viinte et oyto días de setembre, era de mill et CCCº LXXXº IIIº annos

1346-10-23, A Rocha

O arcebispo D. Pedro autoriza un caderno cos privilexios e diplomas reais sobre o señorío da cidade de Santiago.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 348; Tamén en *Historia*, v. VI, p. 134

Datum et actum apud castrum nostrum Rupis Fortis ...

[O trasfondo deste documento en Sanchez Sanchez, D. Gonzalo de Aguilar](#)

1352-06-03, Rocha Forte

O arcebispo D. Gómez confirma unha constitución sinodal dada en 1346 a petición de varios abades e priores dos mosteiros da diocese.

López Ferreiro, *Historia*, v. VI, p. 143

1366, xuño

O arcebispo Don Sueiro residiu no castelo da Rocha durante o tempo que o rei Don Pedro estivo en Galicia, despois do encontro en Monterrei.

López Ferreiro, *Historia*, v. VI, p. 168; tomado da Crónica do rei don Pedro.

1386-90

Invasión de Galicia polas tropas do Duque de Lancaster.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 433-435

Segundo parece houbo un asedio ao castelo; o arcebispo foi desterrado e o cabido secuestrado na catedral. No apoio do exército invasor estaba o Concello que veu a oportunidade de saír do señorío arcebispal.

1405?

Don Lopo de Mendoza, seguindo as ordes do rei (Enrique III) fai entrega das fortalezas da Mitra compostelá ao corrixidor Gómez García de Hoyos

Lopez Ferreiro, *Historia*, v. VII, p. 24

Entre elas, segundo este autor, estaría a Rocha de Santiago.

O procedemento sería: deixalas ao corrixidor, este faría unha pescuda sobre cada unha delas, e logo o arcebispo as recuperaría, unha a unha e xa da man do oficial real.

Non está clara a resolución do conflito pero as fortalezas xa estaban outra vez nas mans do prelado en 1408.

1435

É casteleiro Vasco López de Cordido

Tumbo Vermello, fol. 87r

1450

É casteleiro Xoán Mariño de Soutomaior

ACS, S-19/7

1453-11-15, Rocha Forte

D. Rodrigo de Luna, arcebispo de Santiago, confirma unha permuta entre o cabido e o arcediago de Valladolid.

López Ferreiro, *Historia*, v. 7, p. 203

1454-9-6

D. Rodrigo de Luna manda ao casteleiro da Rocha Forte e a todos os outros do señorío que non fagan pedidos fiscais aos labregos do cabido.

López Ferreiro, *Historia*, v. 7, p. 203

1455-12-5, Santiago

É casteleiro Alvaro Sánchez de Avila

Sánchez Sánchez, *Alvaro Sanchez de Avila*, Ap. doc., doc. nº 1

1459-60

Guerra contra o conde de Trastámara

O Castelo é cercado polas tropas de Pedro Álvarez Osorio, conde de Trastámara

Diego Valera, *Memorial*, p. 18-19; AHDS, FG, 21 e con bastante detalle en López Ferreiro, *Don Rodrigo de Luna*

1459-9-14, Salamanca

D. Rodrigo de Luna da poder para chegar a unha tregua cos cabaleiros e concellos do seu arcebispado que se levantaron contra el.

Lopez Ferreiro, *Historia*, v. 7, ap. 33

Dalles poder non so para acordar senon tamén para *poner en poder del dicho Berrnaldianes la nuestra fortaleza de Rocha Fuerte de Santiago o la nuestra fortaleza de la Barrera o outra qualquier*

1459-60

Don Rodrigo de Luna convocou a un exército para recuperar a cidade de Santiago.

Concorreron na súa axuda diversos cabaleiros, entre eles o Conde de Lemos. A cidade e a contorna estaba ocupada polo conde de Trastámara. Os puntos de encontro de este exército terían sido a vila de Padrón, onde residía o prelado, e a fortaleza da Rocha Forte.

O arcebispo morreu antes de reconquistar a cidade.

Os pormenores en López Ferreiro, *Don Rodrigo de Luna* e na *Crónica de Iria*.

[Pardo de Guevara, *Los señores*, v. II doc. 145](#), publica a nómina de xente de armas do Conde de Lemos que axudou ao prelado. É un doc. moi detallado e interesante sobre as características do exército. (ver copia dixital nos anexos).

1460-2-27?, Rocha Forte

Don Rodrigo de Luna escribe aos cóengos que quedaran en Santiago sobre as chaves do tesouro catedralicio.

López Ferreiro, *Historia*, v. 7, p. 235-236

1463

Álvaro Sánchez de Ávila fai preitohomenaxe a Fonseca pola fortaleza da Rocha

Sánchez Sánchez, *Álvaro Sánchez de Ávila*, p. 124

1467-69

Levantamento Irmandiño: derrubo do castelo

c. 1471

Reconstrución (máis ben encastelamento) e ocupación polas tropas do Conde de Altamira na guerra contra o arcebispo.

Vasco da Ponte, *Recuento*, p. 148

1471-1480

Derrubo definitivo do castelo.

Segundo parece Gonzalo Bispo, mestre de obras da Catedral, dirixiu a operación.

Dado que non hai mención algunha que indique que está operativo na contabilidade do arcebispo Fonseca correspondente ao ano 1481 e seguintes, a hipótese de partida é que o desmantelamento tivo lugar antes.

Contextos inmediatos

1238-1266

Mandato do arcebispo D. Xoán Arias.

Prelado innovador como poucos aínda que non conta cunha crónica que detalle os seus feitos. Transformou radicalmente moitos aspectos do goberno espiritual e temporal da diocese. Introduciu na Terra de Santiago -antes que o fixeran os códigos do rei Afonso X- as tendencias e normas legais que nacen da recuperación do dereito romano e que cristalizaran nos canóns do IV Concilio de Letrán e as Decretais (un dos seus puntais é o fortalecemento da autoridade e poder episcopal). No seu mandato se reformulou a relación co concello co arcebispo, o exercicio da xustiza no señorío, a formulación e garantías dos contratos, a vida capitular...

1320

Guerra de D. Berenguel de Landoira cos composteláns

Rematadas as paces cos composteláns, o arcebispo volveu á Rocha, de onde saliu cara Padrón. Pouco despois o prelado encabezou un exército co que foi tomando as terras e fortalezas que se lle resistían.

Díaz e outros, *Hechos*, p. 141 e ss.

Parece que levaba máquinas para facilitar o asedio das fortalezas, pero non se especifica moito mais. Noutra pasaxe, esta mesma crónica dá a entender que este arcebispo fixo instalar nunha das torres do alcázar da catedral máquinas de guerra.

1465

En 1465, Bernal Eáns de Moscoso prendeu ao arcebispo Fonseca e acabou cercando a catedral.

Crónica de Iria, p. 58

En este cerquo morreu moita gente de fora. Et os da iglleja fazian moito mao con huun trabuquo con que tiravan de cima da eglleja: lançava a pedra fasta a Rua do Camiño. Et elles moi fortes en armas, entanto que aos palancates vinan prender os homes et deixavan outros feridos et se tornavan a sua eglleja.

1524

Inventario das armas presentes nos castelos arcebispais neste ano

Col. Dipl. do Boletín da Real Academia Galega, v. II, 218- 224

v. arquivo dixital deste documento nos anexos

O inventariado das armas forma parte do protocolo de traspaso de poder/toma posesión tanto dos arcebispos como entre os casteleiros. De feito, este inventario pode relacionarse coa sucesión Fonseca-Tavera na sé compostelá. Aquí o mais interesante sería o da Barreira, que pasou a ser -desaparecida a Rocha- a principal fortaleza dos arcebispos, aínda que o contexto é moi diferente xa que non existe unha guerra ou conflito inmediato.

Posibles fases construtivas

As investigacións realizadas por diferentes estudosos e avaladas polos datos apuntan a 2 fases construtivas claras aínda que á vista dos fitos históricos máis sinalados poderían identificarse algunhas outras intervencións de carácter menor que non necesariamente deixaron pegada.

Tradicionalmente atribúese a D. Xoán Arias a construción dun castelo cuxas características non podemos establecer aínda que as paredes e zonas de argamasa descritas polos declarantes do Preito Tavera Fonseca e da visita de 1604 poderían pertencer a este período.

A outra fase relevante sería a que se desenvolveu en tempo do arcebispo Landoira e é a que se acostuma considerar como a que definiu a silueta do castelo. Tería consistido en unha ampliación da superficie construída e, sobre todo, nunha transformación do aparello militar con vistas a adaptalo ás novas tendencias na arte da guerra; posiblemente isto foi despois do incendio ocasionado polos composteláns (*se acercaron iracundos al palacio arzobispal de la Rocha Fuerte y, una vez que destrozaron completamente las edificaciones situadas dentro de la villa, les prendieron fuego en varios puntos y quemaron por entero las habitaciones del Arzobispo, con lo que los claustros y muchos otros recintos quedaron destruidos*). Consonte a teoría tradicional, as zonas construídas con boa pedra (pedra de gran) serían deste período.

Noticias pouco consistentes falan dunha intervención en tempo do arcebispo D. Lopo de Mendoza e relacionan con ela certos azulexos cerámicos que nalgún momento foron atopados nas proximidades. A noticia sería consonte á outra intervención deste prelado na Rocha de Padrón que foi convertida por el nun espazo con aire pacego (pisos de azulexos, patio con laranxeiras,...).

Os Fonseca non dispuxeron de tempo para acometer ningunha remodelación. Fonseca I e o seu irmán Fernando de Fonseca empregaron os dous anos que estiveron en Santiago en recuperar o control real do señorío ante as ameazas dos cabaleiros e a cidade. Fonseca II entrou rápidamente en conflito cos Moscoso de Altamira, chegou a estar preso por eles e

foi posto en liberdade pouco antes da Irmandade. En todo caso, poderían atribuírselles intervencións destinadas a fortalecer a capacidade militar do castelo que, nestes anos foi unha base sólida para a guerra contra os de Altamira e os composteláns.

Unánimemente os declarantes do Preito Tavera Fonseca atribúen o derrubo do castelo a Irmandade. Segundo contan o derrocamento tería sido obra da acción conxunta de varias irmandades procedentes de varios lugares (cítanse Cordeiro, Santiago, Padrón) ata xuntar moita xente (dez ou doce mil persoas, di un deles) e que a trabucaron ata que conseguiron tomala. Tamén contan que a derrocaron polo pe sen deixar nada levantado.

A intensidade da destrución irmandiña, non obstante, debe interpretarse con precaución pois os restos das moitas fortalezas que supostamente derrubaron son aínda hoxe ben visibles no territorio galego; podería falarse máis dun desmantelamento do aparello militar que dun derrubo en toda regra: apertura de grandes ocos nos muros perimetrais, derrubo de baluartes esternos, destrución de guirnaldas e estruturas soportadas por matacáns, etc. Neste proceso descríbense dous procedementos habituais de derrocamento de castelos: a caída de torres e muros pola construción de galerías soterradas nas que se prendía lume¹ e a destrución do aparello militar pola acción da artillería.

Por este motivo foi doado que contra 1471 un pequeno grupo se encastelara alí e soportara, aínda que fose durante uns días, un asedio.

Con todo, a luz dos testemuños posteriores o castelo foi derrubado totalmente antes de 1480; unha parte da pedra foi levada ao Pico Sacro pero a grande maioría -segundo podemos deducir do memorial de Pedro Brey (1591)- quedou alí, espaxada polos campos próximos. As inspeccións visuais ao seu emprazamento realizadas nos séculos XVI e XVII confirman a impresión que transmite o proceso Tavera Fonseca: foi derrocada sistemáticamente ata os seus cimentos, de xeito que os peritos só poden dar fe da existencia de muros case rasantes co chan cubertos xa pola vexetación.

Os contemporáneos insinúan algunhas das razóns que moveron a Fonseca II ao

1 Ruy do Aido di que *la çercaran hasta que la posieran sobre hestacas y la derrocaran por el pie.*

desmantelamento do castelo: nos novos tempos parecía máis interesante o encastelamento do Pico Sacro, que controlaba e dominaba a fortaleza altamirana de Cira, como xeito de forzar unha paz pola vía de obter un equilibrio de forzas que asegurara a destrución do contrincante; o castelo perdera relevancia como núcleo de operacións contra os composteláns por canto estes sen apoio dos cabaleiros (controlados desde o Pico Sacro) non tiñan capacidade de loitar militarmente contra o seu señor; o tecido urbano do señorío compostelán está agora plenamente desenvolvido e ten un esquema fiscal consolidado no que os arcebispos levan unha parte relevante dos portádegos e, sobre todo, das alcabalas o que fai que un punto de cobro no cruce dos camiños sexa algo prescindible si se reforza o control da recadación fiscal (en paralelo Fonseca iniciou unha ofensiva para apropiarse de boa parte da alcabala recadada na Terra de Santiago). Por último, a experiencia de ocupación do castelo polos de Altamira amosaba a todas luces que chegado o caso, a Rocha podería constituír unha ameaza sólida para o seu señor e a súa cidade.

Con todo é moi posible que Fonseca II, home entregado á defensa a calquera prezo da autoridade da igrexa de Santiago, estivera máis motivado ao desmantelala ante a imposibilidade de reconstruíla. En efecto, é ben coñecida a oposición dos reis Fernando e Isabel á construción de fortalezas no reino de Galicia e a actitude expeditiva dos seus primeiros gobernadores, que fixeron o posible por molestar mesmo a reconstrución das derribadas polos Irmandiños. A declaración de Juan de Melgarejo, chantre e persoa do entorno familiar do Patriarca Fonseca II é moi interesante a este respecto: oio jurar al dicho señor Patriarca segun dicho tiene que a causa de las guerras que siempre tubiera con los caballeros mientras aca estuviera que no le dexaron llebantar las fortalezas de la Rocha Fuerte ni la Rocha Blanca ni el castillo d'Oeste e que tenia boluntad de azer todo lo que podiera en ellos e que nunca gelo dexaran azer ni aun le dieran ese hespaçio porque aqui dentro de Santiago se le metian en la çiudad y le tomaban las puertas de la villa.

Fitos cronolóxicos de interese construtivo

1238-1266: Mandato do arcebispo D. Xoán Arias

Neste tempo ten lugar a construción do castelo, que debe entenderse (tanto sexa *ex novo* como sobre outra construción anterior no actual emprazamento ou noutra ubicación próxima) no contexto do mandato do arcebispo: emerxencia do urbano, incremento das actividades comerciais, rearticulación do territorio nun tempo no que os castelos son os referentes básicos do espazo político; reformulación da administración temporal e espiritual, posiblemente tamén reformulación da mesa arcebispal (bens e goberno).

É precisamente nestes contextos externos que temos as primeiras noticias do castelo: como novo espazo de xustiza e como novo espazo de goberno.

1266-1282

O castelo e a cidade están baixo o señorío real

1318 e ss.

Mandato de D. Berenguel de Landoira, que fai do castelo o seu centro de goberno ata que en 1324 finalizou a guerra coa cidade. Neste tempo:

- Ataque e incendio do castelo polos composteláns (1319)
- Execución dos representantes composteláns no castelo (1320)
- Temos a primeira referencia a castelo ligado a un contexto de goberno delegado (o pertegueiro da Rocha, 1326).

1366 e ss

Don Sueiro Gómez de Toledo residiu na Rocha durante parte da guerra civil de Castela.

Asasinato do arcebispo en Santiago, cando volvía do castelo.

1386-90

Invasión de Galicia polas tropas do Duque de Lancaster.

Hai noticias confusas sobre un asalto ao castelo que, en todo caso, debeu fortalecese contra o inimigo.

1399-1445: Mandato de Don Lopo de Mendoza

Fixo obras no castelo da Rocha de Padrón e nos pazos arcebispais de Santiago.

1451-1460: Mandato de Don Rodrigo de Luna

A segunda metade do mandato está marcada polo conflito cos cabaleiros da Terra de Santiago.

- 1458: Irmandade dos concellos e o conde de Trastámara contra o arcebispo.
- 1459-60: asedio do castelo, mencións a emprego de artillería contra el.
- Mencións a destrucións xeneralizadas na contorna.

1467-69. Levantamento Irmandiño. Derrocamento do castelo.

Contra 1471: Reconstrución/Encastelamento polas tropas do conde de Altamira. Asedio

1471-80: Derrubo definitivo. Operacións dirixidas por Gonzalo Bispo, mestre de obras da Catedral.

s. XVI: Visitas aos *suelos* da Rocha. É unha ruína da que so quedan os cimentos.

Contexto construtivo/destrutivo


- Nas décadas anteriores á construción do castelo a Igrexa de Santiago adquire casares e fincas na contorna do castelo aínda que ningunha das propiedades mencionadas pode identificarse coa zona ou soar onde finalmente se levantou. Hai que pensar, xa que logo, que ou ben o terreo estaba baleiro ou que era coñecido por outro nome; é posible que os predios próximos ao castelo, de feito, formaran parte do término doutra aldea (Rial, Porto ou Enfestela).
- Eses documentos parecen dar a entender que a configuración da zona é diferente e que as freguesías de Conxo e Laraño eran colindantes, non na zona máis próxima ao río Sar -como agora- senón nas proximidades do camiño de Padrón e do lugar de Porto de Fornelos o que indica unha xeografía parroquial diferente. Como o que hoxe coñecemos como lugar da Rocha, situada entre os antigos camiños de Padrón e Noia pasou a incorporarse á freguesía de Conxo é un proceso descoñecido; en todo caso e de terse producido esta modificación nos termos parroquiais, a razón haberá que busca na conveniencia de situar o castelo nunha contorna plenamente suxeita ao dominio arcebispal.
- Os inventarios medievais da mesa arcebispal mencionan a existencia de tres casares nas proximidades da Rocha que serían, posiblemente, posteriores á construción do castelo. En calquera caso, parecen despoboados pola violencia xerada polo castelo no século XV sendo posible que a aldea actual se conformase nunha ubicación diferente. Estes casares antigos, no mellor dos casos, poderían asemellarse en materiais aos presentes nos deseños da torre de Narla (v. documentos de contexto); son casas palloza de pedra ou madeira que se documentan nesta contorna ata tempos máis tardíos.
- A documentación medieval é consistente á hora de describir as vías de comunicación próximas ao castelo: o camiño de Padrón -que cruzaba o Sar preto do castelo e subía ata Porto de Fornelos- e o de Noia -que, tras cruzar o Sar preto da conxunción co Sarela, seguía ata a ponte da Condomiña en Bertamiráns pola beira

Sur do río-

- Non se atoparon noticias concretas máis alá das xa coñecidas sobre a construción ou remodelación do castelo. Aínda que si poden identificarse sucesos que puideron implicar algún tipo de intervención (v. supra). Ademais poden identificarse na historia da sé compostelá algúns outros momentos nos que un arranxo podería ter sido feito, aínda que non se acharon indicios claros.
- D. Lope de Mendoza (1399-1445) arranxou notablemente a fortaleza da Rocha Branca de Padrón, sendo o signo máis evidente disto os moitos restos de azulexos esmaltados que aínda están no lugar. Teñen as armas do prelado e o seu nome deseñado. Aínda que non foi posible confirmalo, parece que algunha peza estivo nalgún momento depositada no Museo de Pontevedra; hai [varias](#) no Museo de Cáceres.
- Lopez Ferreiro (*Historia*, v. 7, p. 111) especula cunha remodelación do pazo arcebispal feita no seu tempo, xa que durante o mandato do seu sucesor hai varias noticias duns pazos vellos e outros novos que son a vivenda arcebispal. Non ve moi posible (e nisto concordamos) que Rodrigo de Luna acometese unha obra desta magnitude desde cero.
- Nos tempos de Fonseca II houbo tamén intervencións arquitectónicas na cidade pero son de baixo calado ou posteriores. Neste momento, os caudais da mesa arcebispal son limitados e aínda que os Fonseca son xente acaudalada, todos os esforzos financeiros estiveron dirixidos durante as primeiras dúas décadas ao dispositivo militar necesario para recuperar o señorío, a loita cos Irmandiños e, logo, contra os cabaleiros da Terra de Santiago. De haber existido obras no castelo nese momento, a lóxica sería a da mellora do aparello defensivo e ofensivo neste contexto bélico.
- As declaracións do Preito Tavera Fonseca son unánimes, o castelo foi derrubado polos Irmandiños e desmantelado despois polo arcebispo Fonseca II, que levou parte dos materiais ao Pico Sacro. Polo que sabemos doutras fortalezas do Reino de Galicia o “derrocamento irmandiño” non debe interpretarse no sentido literal pois

son moitos os castelos atacados pola Irmandade que se conservan hoxe en pe, mesmo sen grandes intervencións restauradoras posteriores. É posible que o ataque se centrara na destrución daqueles elementos que lle confiren carácter militar co obxectivo de privar aos castelos de medios defensivos e ofensivos; nunha palabra, franquealos abrindo amplos ocos nas cercas, desmantelamento de barbacás e outro aparello voado, etc.

- O desmantelamento feito entre 1471-1480 foi sistemático e ordenado e a súa lóxica estaría na perda de valor do castelo na estratexia ofensiva-defensiva dos intereses da Mitra compostelá ou, mesmo, a ameaza que supón -vistos o asedio polo Conde de Trastámara e a ocupación polos soldados de Altamira- para os prelados. Finalizadas as guerras señoriais, nun contexto de paz no reino de Castela, nun momento no que se están impondo novas dinámicas de goberno na Terra de Santiago e de xestión fiscal en todo o territorio cabe pensar que non é un elemento tan necesario como antes. O novo centro de poder arcebispal será a cidade e o pazo.



1510, Torre de Narla

ARCV, Real Audiencia, Planos y dibujos desglosados, 60

O Castelo como centro de poder

As primeiras mencións ao castelo sitúanse, precisamente neste contexto. A primeira delas 1253 insírese nunha das sentenzas dadas por Afonso X ás disputas entre arcebispo e concello polo exercicio da xustiza e goberno da cidade. Os composteláns quéixanse das novidades que ven de introducir o arcebispo Xoán Arias, entre elas que os xuízos, mesmo na primeira instancia teñen que ser vistos *ante vos a Rocha Forte*². O mesmo documento expresa que esta é unha querela antiga e que pasou tamén ante o rei Fernando III que non chegara a solventarse.

É difícil interpretar o valor do castelo neste contexto: se é citado como espazo de residencia arcebispal, que é o máis probable, ou se aparece como referencia dun distrito xudicial, ese ao que o prelado quería levar aos cidadáns, lonxe dos xuíces urbanos que por costume tiñan. En todo caso, como o prelado non foi quen de demostrar documentalmente o seu dereito déuselle razón aos cidadáns. Este feito podería interpretarse mesmo como proba do xurdimento recente do castelo, se interpretamos que carece o arcebispo de documentación con el relacionada neste contexto.

Esta interpretación do castelo como residencia e núcleo de poder arcebispal vese consolidada pola segunda mención. É a tradicionalmente considerada data *post quam* do castelo, na que se organiza o modo de cumprir a residencia no coro por parte dos cóengos que están no castelo co arcebispo. Dela pode deducirse o papel do castelo como pazo arcebispal, ao que acuden e no que residen os cóengos que están ao seu servizo. A esencia dos estatutos capitulares é de permanencia; xa que logo, debe entenderse esta referencia ao castelo como algo non conxuntural e que ten xa un certo percorrido -de aquí a necesidade de clarexar os detalles-.

A terceira referencia básica destes primeiros tempos está tamén relacionada coa función do castelo como centro de poder. É de 1269, cando o cabido legisla sobre os seus procuradores e avogados; dise deles que mirarán polas causas da entidade que se vexan tanto nos

2 Se cadra aquí, a lectura correcta sería: *ante vosa Rocha Forte*; en calquera caso, o sentido é o mesmo.

tribunais da cidade como na Rocha Forte que, polo que se ve, é un referente da administración xudicial.

As funcións que podemos documentar en tempos do arcebispo D. Berenguel de Landoira van na mesma liña. A súa crónica permite coñecer de primeira man non so os convulsos sucesos do seu tempo senón tamén obter algúns datos sobre a realidade física do castelo: e unha *villa* (ou sexa algo máis que unha torre e mesmo con edificacións fora do recinto amurallado), ten unha capela. Tamén neste tempo advírtese con claridade outra das súas facetas: refuxio arcebispal en caso de discordia cos composteláns e centro perfecto para operacións de guerrilla contra eles (saqueo das aldeas, destrución de cultivos, control dos camiños, interrupción de subministros...).

A partir de aquí as noticias que temos son, polo xeral, bastante fragmentarias. Diversos documentos ata mediados do século XV documentan a presenza dos arcebispos no castelo, o seu protagonismo como espazo de poder, no que se ditan sentenzas ou outorgan mandatos. Da mesmo a sensación de que no século XV a relevancia do castelo como núcleo de poder no conxunto da Terra de Santiago, agás en tempos de D. Rodrigo de Luna, se cadra porque tamén foi época de discordia cos cabaleiros e a cidade.

En calquera caso, á fortaleza foille asignado un territorio, o que será o Xiro da Rocha sobre o que serviu como referente político e administrativo. Non foi posible establecer a emerxencia deste distrito pero hai que situala no século XIII, no mandato de Xoán Arias, pero a súa permanencia é sólida por canto aínda hoxe en día sobrevive na división eclesiástica da diocese.

Noticias documentais

O castelo: función xudicial

1253-9-8, Sevilla

Sentenza dada por Afonso X na querela entre o arcebispo e o concello de Santiago polo exercicio da xustiza e as novidades que, segundo parece, quería introducir o arcebispo D. Xoán Arias

López Ferreiro, *Fueros*, p. 254

Otrosy querelaron los pesoneros sobredichos del Conceyo de Santiago que se alguno de la uila ha preyto con otro, primeyramiente es tenuto de Responder por ante los juyzes de la uila; et agora que uos, que ante que nenhun juyzo sea dado, aquellos que queredes sacadelos delante los juyzes, et fazedelos yr ante uos a Rocha forte; et que en esto le quebrantades su uso et so custumbre; lo que nunca fué.- A esto resposo maestre femando, nuestro pesonero sobredicho, que sobresto ouuieron preyto antel Rey don femando, et fue metida en pesquisa fasta hun deplaço que poso el Rey, et finquó por ellos, que non quisieron dar sus enqueridores.

A esto tiue yo por derecho que deuen ante yr ante sus juizes, se el arzobispo non mostrar cartas o priuilegios por que deuan ante yr antel; et toue por bien de uos dar plaço á que los mostredes.

Esta pasaxe forma parte dun documento moito máis longo no que se intentou clarificar o alcance da xurisdición arcebispal e o seu señorío na cidade de Santiago (espazo xeográfico, causas, ...)

1269, 4 das kls de Xullo (1269, xuño, 28)

Constitución capitular sobre os procuradores e avogados do cabido que deben elixirse cada ano.

ACS, Libro de Constitucións 2, fol. 68v

et aduocent in causis capituli quas capitulum habuerit in ciuitate compostellana cum quibuscumque personis et in Rochaforti, et finito predicto anno...

1326-9-01, Rocha Forte

Frei Berenguel, arcebispo, nunha provisión dirixida ao pertegueiro da Rocha sobre unha sentenza

Xusto Martín e Lucas Álvarez, *Fontes*, doc. 66

Et ao noso pertegeyro da Rocha et ao moordomo que andar no couto de Uama... Dada en Rocha forte...

1419-3-11

Reunión do consistorio compostelán

Rodríguez González, *LCS*, fol. 55v

Ante o concello, apareceu *Martin das Figeiras, bachiller en decretos e alcalle mayor do señor arçobispo de Santiago don Lopo en seu paaço e arçobispado e diso que el entendia de faser oje este dia justiça en Martin da Vãya que jazia preso enno castelo da Rocha Forte de Santiago e por quanto non podia fazer a dita justiça tan conpridamente como queria sen ajuda deles,...* pediulles o favor de emprestarlle os servizos do pregoeiro municipal.

1450-4-28, Tribaldes

Toma de posesión por Maior Fernández, monxa de Santa Cristina da Pena, e Catarina Pérez, veciña de Padrón, como herdeiras do seu irmán defunto Álvaro Filipote das posesions que herdaban del en Tribaldes, Corexo e lugar de Piñeiro. Inclúe provisión de don Rodrigo de Luna autorizando a posesión (1450-4-7, Santiago)

ACS, S-19/7

E despois desto, a viinte nove dias do dito mes de abril do dito ano de mill e quatroçentos e quorenta estando ena Rocha Forte de Santiago, ante Juan Mariño, casteleyro da dita Rocha, e en presenza de mi, notario, e testigos infraescritos, paresceu a dita Catalina Peres, por sy e en nome da dita Mayor Fernandes, sua yrmaa, e por min o dito notario feso ler a sobredita carta ao dito Juan Mariño e le pedio e requirio que a conprise segundo se continua (refírese a carta do arcebispo), poendoas e mandandoas poer en posision do lugar de Corejo e anparandoas e defendendoas con o dito lugar en continuaçon da posision que o dito Alvaro Felipot seu yrmaao tiina do dito lugar e herdades del. E a

dita carta leyda, o dito Juan Mariño diso que obedesçia con aquela reverençia que devia e que era presto dea conprir. E por quanto ao presente era ocupado e non podia por sy yr ao dito lugar de Corejo diso que mandava e mandou a Fernan Pereyra, seu home, que fose con a dita Catalina Peres ao dito lugar de Corejo e que a posese e apoderase eno jur e posision das casas, herdades e chantados del. Testemuñas que a esto foron presentes: Iohan Gonçales de Asados, coengo de Santiago, Roy Mariño, escudeiro, e Ares de Leys, homes de Sueyro Gomes de Soutomayor.

Ese mesmo dia foi notificada a decision a Fernán Pereyra que acompañou ás mulleres na posesión.

A carta do arcebispo dá amparo ás mulleres, que recean de que non as deixen tomar posesión dos bens; está dirixida ao pertegueiro maior de Santiago e a todos os casteleiros, e xuíces da Terra de Santiago.

Como xuíz da terra, cabe supoñer, actúa o casteleiro. Noutras xurisdicións son os xuíces ou mordomos (en todo caso quen exerce o poder xurisdicional delegado) os que outorgan os mandamentos para que se poda tomar posesión. De aquí podería deducirse o exercicio da actividade xudicial por parte dos casteleiros da Rocha.

Residencia arcebispal

1255-10-08

Constitucións capitulares sobre coro e cabido

Lopez Ferreiro, *Historia*, v. V ap. XXX

Ao falar da obriga de residencia de cóengos: *Statuimus etiam de personis et canonicis maniapanis duplariis morantibus nobiscum apud Rocham Fortem, quod eant ad processiones diebus dominicis et solemnitatibus. Et si yuerint ad Ciuitatem Compostellanam ante prandium veniant ad uesperas sive completorium...*

"Estatuimos tamén sobre as persoas, cóengos, racioneiros e dobreiros que viven con nós na Rocha Forte, que vaian ás procesións os días domingo e solemnidades. E si viñeran á cidade compostelá antes do xantar veñan ás vésperas ou as completas..."

1319-2-2

Crónica de D. Berenguel de Landoira

Díaz e outros, *Hechos*, p. 97.

Os composteláns incendian o castelo: enfurecidos, os composteláns e ese mesmo día *se acercaron iracundos al palacio arzobispal de la Rocha Fuerte y, una vez que destrozaron completamente las edificaciones situadas dentro de la villa, les prendieron fuego en varios puntos y quemaron por entero las habitaciones del Arzobispo, con lo que los claustros y muchos otros recintos quedaron destruidos*. Landoira volveu á Rocha.

Nota dos editores sobre esta pasaxe: o contexto da a entender que certas edificacións estaban fora do recinto fortificado, constituíndo unha especie de anexos con carácter de casa de campo.

1320-9-3

Crónica de D. Berenguel

Díaz e outros, *Hechos*, p. 123.

O conflito de D. Berenguel cos composteláns continuaba; o arcebispo estivo na Corte. Regresou a Santiago pola Terra de Deza ata Padrón. O mércores 3-9-1320, en Padrón, houbo un novo encontro entre o arcebispo e Afonso Suárez de Deza, que lle asegurou que a cidade lle sería devolta.

Y con el pretexto de que todo esto podría ordenarse y solucionarse mejor en la Rocha Fuerte le indujo, con esta esperanza, a trasladarse con su Cabildo al mencionado lugar de la Rocha

Aínda que é moi posible que non todo o cabido estivera co arcebispo, debemos estimar que o número de cóngos co seu séquito ffacilmente rondaría as 50 persoas, como mínimo. Desde o tempo do papa Inocencio IV (1245) o numero de cóngos composteláns é de 50 aos que se suman os 20 racioneiros; neste caso habería que sumar algúns soldados, a xente da casa do arcebispo, etc.

1345-4-1, Rocha Forte

O arcebispo Don Pedro permuta co cabido o que lle pertence á Mitra en Boiro por uns terreos preto de Tui.

González Balasch, *Tumbo B*, doc. 0

Esto foy em Roche Forte, ennos paaços em que pousaba o dito sennor arçibispo

1352-06-03, Rocha Forte

O arcebispo D. Gómez confirma unha constitución sinodal dada en 1346 a petición de varios abades e priores dos mosteiros da diocese.

López Ferreiro, *Historia*, v. VI, p. 143

1366, xuño

O arcebispo Don Sueiro residiu no castelo da Rocha durante o tempo que o rei Don Pedro estivo en Galicia, despois do encontro en Monterrei.

López Ferreiro, *Historia*, v. VI, p. 168; tomado da Crónica do rei don Pedro.

De alí chegaba cando foi asasinado por Fernán Pérez Churruchao (p. 171-713).

Itinerarios de acceso

Máis alá da rede de camiños existente ou documentable é interesante coñecer o uso que se fai deles e os itinerarios que se empregaban para achegarse ao castelo.

1319

Crónica de D. Berenguel de Landoira

Díaz e outros, *Hechos*, p. 107.

Tras 12 días de asedio, o 27 de setembro, o arcebispo Landoira *salió de su iglesia al crepúsculo, con tiempo muy desapacible, inmensamente cansado y afligido, y llegó a hora avanzada al castillo de la Rocha Fuerte.*

1320

Crónica de D. Berenguel de Landoira

Díaz e outros, *Hechos*, p.125.

El día 15 de septiembre, a hora avanzada se firmó por ambas partes todo lo prometido.

O arcebispo entregou aos do concello o pendón de Santiago para que con el o recibiran ao día seguinte na súa entrada oficial na cidade. Non obstante, durante a noite, *el traidor, después de haber salido de la Rocha y entrar a hora avanzada en la ciudad de Santiago, convocó a algunos miembros del Concejo y desbarató todo lo establecido...*

1745-06-09, mércores

Martín Sarmiento, sae de Santiago en dirección a Padrón

Sarmiento, *Viaxe 1745*, p. 53

Caminos. Salí de Santiago el día miércoles 9 de junio y fui a Ponte da Rocha media legua pasa por ella el río Sarela, que viene de Conxo³.

{Tierra de Maya}: Milladoiro cuarto de legua. Vése Santiago y acaso Humilliatorum. Galanas cuarto de legua. Río Tinto, lugar y río, media legua. Río y puente de la Pulida. Loureiro y Nuestra Señora de la Esclavitud, media legua. Padrón tres cuartos de legua. Hice noche.

Finais s. XIX-ppios do s. XX

Lendas compostelás sobre o asasinato de D. Sueiro.

López Ferreiro, *Historia*, v. VI, p. 171

O arcebispo D. Sueiro viría da Rocha a Santiago polo vello camiño de San Lourenzo, subiría polas Hortas ata chegar á porta da Trindade.

Era crenza popular no s. XIX pois aparece reflectido en varios autores desa época.

Outra version deste suceso, nun contexto non literario en [Compendio de la vida, martirio, traslación e invención del Glorioso Cuerpo de Santiago el Mayor...](#)

3 Esta confusión entre as denominacións dos ríos Sar e Sarela é permanente nas fontes documentais; na maioría dos casos, non obstante, é doado identificar a cal dos dous ríos se alude. Neste caso é o río Sar.

Un castelo para controlar a cidade

Vista a singular posición estratéxica do castelo con respecto a cidade de Santiago é evidente que a súa función militar debe avaliarse tamén en relación á cidade mesma. Tradicionalmente a Rocha foi percibida como o refuxio seguro dos prelados aínda que as fontes documentais nola presentan tamén como un niño de águas desde o que hostigar e controlar o territorio urbano.

Iten mas hize a mi costa y por mis dineros el muro que esta y se enpieça desde la cañçela que esta en la salida del dicho lugar que ba por una congostra abaxo para el agro que se dize del Redondo cercado por la congostra abaxo de una parte; y de la otra parte con las cortiñas y la otra con el agro que se dize do Pereyro asta dar en el dicho agro del Redondo por donde ban los carros, ques de mucho probecho y balor para el dicho lugar.

Iten mas hize a mi costa según a lo de arriba todo el muro de piedra con que se aparto el agro do Pereyro y el nabal del dicho agro, que seran mas de trescientas braças de muro doblado. Y toda la piedra destes muros la arranque y carrete de carreto a mi costa con mis bueis y carros a las dichas obras, en que traia mientras duraban las dichas obras y muros mas de beynte y treinta hombres cada dia a mi costa.

Iten mas otro pedaço de muro doblado entre el abro da Barreyra y el agro do Pereyro, que de una parte confina con la Rocha Bieja.

Iten mas otros muros que se hizieron por mi y mis criados y ofiçiales en los Fandos y agro que ansi se llama, entre el dicho agro ao longo del rio y Rocha Bieja y el real.

Iten mas otro muro de piedra dende el rego de la Rocha açima asta llegar a la pressa del agua que viene de la calçada, que parten los agros del Redondo con el agro que se dize da Panasqueyra, que toda la piedra del dicho muro hize carretar y se truxo a mi costa y por mi al dicho muro.

Iten mas otro pedaço de muro y balado dentre la Panasqueyra y el Magarote, que todo hes de provecho al dicho lugar y se hizo a mi costa.//

Y tambien hize y edifique otro muro del canto de la agra do Pereyro, dende el canto que viene para la Puente de la Rocha por arriba junto al camino asta el carril y cançela de la dicha agra.

Iten mas plante por mi y mis criados y de mi muger Beatriz Álvarez en el dicho lugar da Rocha muchos árboles, robles y castaños y todo genero de arboles questan plantados de dar fructo, desde el canto de la carrera que viene por el camino de la Puente de la Rocha asta dar y llegar a las casas y carril de la heyra del dicho lugar. Y otros questan plantados y bien pressos dende el carril de la agra de la Gesteyra por la parte del monte y rego, fonte arriba que viene de la fuente Oujan, que todos seran mas de cien carballos presos e balen mas de duzientos reales.

Iten mas muchos enxertos de castineyros de casta que yo enxerte y otras arboles de dar fruto por mi y mis criados y otras personas en mi nombre hizieron en el dicho lugar que son de mucho provechos todos los dichos perfetos y mejoramientos y de mucho valor questan y permanecen en el dicho lugar; que balen bien tresçientos ducados y antes mas que menos y no se podia vivir ni abitar el dicho lugar sin ellos sino con mucho trabajo por estar como estaba el dicho lugar y casas del desbaratadas y se hiban cayendo y las heredades del muy abiertas y no se poder guardar las nobidades que Nuestro Señor en el daba de los ganados de fuera y puercos que benian a destruir como dicho hes las dichas nobidades. Y tambien los agros del sin seren apartados y debididos, unos de otros y no estaren çerrados ni apartados

unos de otros y se pasaren los ganados de unas partes a otras a destruir las nobidades e hierbas del dicho lugar y no se sacaren dellas provecho.

Que pido este memorial sea mostrado a los testigos conforme al interrogatorio de preguntas. Pedro de Brey.

Personaxes vinculados ao castelo

Don Xoán Arias (?-4/5/1266)

Elixido por unanimidade arcebispo en 1238, o mandato deste prelado debe contarse, sen dúbida, entre os de maior proxección e relevancia da historia da Igrexa Compostelá.

Descoñecemos case todo sobre a súa vida anterior á chegada á Mitra; pertencía á liñaxe dos Galiñato, era en 1238 arcediago de Cornado pero é evidente tras un análise da súa traxectoria como arcebispo que estamos ante un home cunha formación intelectual sólida -posiblemente en dereito- e en total comunión coa praxe e filosofía consagrada no IV Concilio de Letrán. É un prelado singularmente activo que transformou en moitos aspectos á sé que lle foi confiada e sentou as bases normativas, políticas e económicas sobre as que transcorreu o seu devir ata os tempos da Modernidade.

Don Xoán é xeralmente coñecido por ter sido o promotor do Castelo da Rocha Forte, da cabeceira gótica da catedral e do magnífico gran salón do pazo arcebispal (ata hai pouco atribuído a Xelmirez) pero estas tres obras -de por si ben relevantes- son só a parte máis visible dun goberno longo e intenso que se proxectou en diversas facetas.

Promoveu, co consenso capitular, unha reorganización do cabido que atendeu a case todos os aspectos da súa esencia e actividade: prebendas, rendementos, o estudo dos beneficiados, a residencia no coro, os oficios capitulares, os servizos relixiosos, etc., mesmo chegou a acordos cos cóngos para reorganizar algúns bens e rendas mesas capitular e arcebispal pechando definitivamente o proceso de separación iniciado en tempos de Xelmirez.

Aplicouse tamén no entorno catedralicio: oficiais e empregados, rendas, organización do culto, ... Como cabeza dunha diocese senlleira no panorama hispánico, empregouse a fondo no cumprimento da normativa lateranense: convocou sínodo -canto menos un-, atendeu á incorporación dos beneficios e os dereitos sobre eles ao arcebispado, promulgou normas sobre a disciplina e cultura dos cregos ou sobre os procedementos da xustiza

eclesiástica.

Firme defensor da doutrina política de Inocencio IV e, xa que logo, da supremacía do poder espiritual sobre o temporal, aproveitou as armas á súa disposición para consolidar e reorganizar o goberno da súa diocese e, sobre todo da cidade de Santiago. Foi esta, sen dúbida, a súa maior complicación pero posiblemente tamén -sobre todo no longo prazo- o seu éxito máis evidente.

Durante o seu mandato asistimos á loita, longa, intensa e persistente, entre os composteláns -novamente interesados en desfacerse do señorío eclesiástico para integrarse no real- e o arcebispo que quere non só mantelos suxeitos ao seu dominio senón tamén implantar algúns procedementos e normas que teñen a súa orixe nas ideas proclamadas polos expertos no novo dereito -ese que agora chamamos “común medieval”, que ten a súa base no vello dereito romano e canónico e que ten a algúns composteláns como senlleiros representantes-. O goberno da cidade, os gremios, o exercicio da xustiza, os dereitos de apelación, os oficios e competencias do rexemento, as características dos contratos... son motivo de constante disputa entre a cidade e o prelado que -algo insólito na historia destas loitas urbanas- ten o apoio incondicional do seu cabido. Desde 1232 -xa antes do seu nomeamento-, os composteláns acoden aos reis buscando amparo contra esta ofensiva das *sotellezas e por leyes romanas* que son un agravio aos costumes e dereitos adquiridos; os monarcas responden cunha sucesión de sentenzas que acaban dirimindo polo miúdo os diversos puntos de conflito. Ao tempo, sentaron as bases da relación entre cidade e señor ata os finais da Baixa Idade Media.

Con estas fronteas abertas, D. Xoán non descoidou a ampliación e consolidación das bases económicas do seu cargo. Levou a cabo esforzo activo para adquirir novas propiedades e dereitos: redondeou co cabido algúns focos pendentes da separación das mesas arcebispal e capitular promovida por Xelmírez e Bernardo II, conseguiu incorporar á mesa xurisdicións completas como a de Xallas ou a de Aguiar, obtivo -por compras, cambios ou doazóns- unha morea de casares e foi quen de facerse cos dereitos de nomeamento -e as rendas derivadas- un bo número de beneficios parroquiais.

O castelo da Rocha foi a peza máis visible dun esforzo consciente por proxectarse sobre a

contorna máis inmediata á cidade, un territorio no que o arcebispado é particularmente debil. Neste rural máis inmediato non só intentou limitar os privilexios fiscais dos cidadáns de Santiago senón que tamén adquiriu un sólido patrimonio inmobiliario no que pasou a denominarse o Xiro da Rocha (89 casares) e obtivo -por acordo co cabido- a integridade dos dereitos catedralicios da Terra de Conxo. Buscou así dar ao seu poder político unhas sólidas bases territoriais ao tempo que creaba unha devasa fronte aos composteláns -como xa fixera no ámbito político-.

Faleceu o 4 de maio de 1266, no castelo da Rocha Forte. O seu testamento, no que enumera con detalle os seus logros e dádivas á Mitra, é un testemuño fiel dun inxente e brillante desempeño do que apenas quedan trazas visibles.

Noticias documentais

1238-1266

Mandato do arcebispo D. Xoán Arias.

Prelado innovador como poucos aínda que non conta cunha crónica que detalle os seus feitos. Transformou radicalmente moitos aspectos do goberno espiritual e temporal da diocese. Introduciu na Terra de Santiago -antes que o fixeran os códigos do rei Afonso X- as tendencias e normas legais que nacen da recuperación do dereito romano e que cristalizaran nos canóns do IV Concilio de Letrán e as Decretais (un dos seus puntais é o fortalecemento da autoridade e poder episcopal). No seu mandato se reformulou a relación co concello co arcebispo, o exercicio da xustiza no señorío, a formulación e garantías dos contratos, a vida capitular...

Polo que deixa entrever o Tombo C do ACS adquiriu para á mesa arcebispal unha morea de propiedades no que logo é o Xiro da Rocha, incluídos algúns casares preto do castelo (Fornelos, Rial, Laraño). Puido ter adquirido os terreos do castelo e do lugar da Rocha, baixo un nome irrecoñecible.

1253-9-8, Sevilla

Sentenza dada por Afonso X na querela entre o arcebispo e o concello de Santiago polo exercicio da xustiza e as novidades que, segundo parece, quería introducir o arcebispo D. Xoán Arias.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 254

querelaron los pesoneros sobredichos del Conceyo de Santiago que se alguno de la uila ha preyto con otro, primeyramiente es tenuto de Responder por ante los juyzes de la uila; et agora que uos, que ante que nenhun juyzo sea dado, aquellos que queredes sacadelos delante los juyzes, et fazedelos yr ante uos a Rocha forte; et que en esto le quebrantades su uso et so custumbre; lo que nunca fué.

Polo de agora esta é a cita mais antiga, desbancando a data dada tradicionalmente polos investigadores. Non obstante, é moi posible que o castelo sexa algo anterior

Teríamos que poñer esta construción en relación ás obras no pazo arcebispal e na catedral e mesmo con outros fenómenos como a aparición da denominación "Xiro da Rocha". As compras de fincas na zona por parte do arcebispo son desde o principio mesmo do seu mandato.

1255-10-08

Constitucións capitulares sobre coro e cabido

Lopez Ferreiro, *Historia*, v. V ap. XXX

Statuimus etiam de personis et canonicis maniapanis duplariis morantibus nobiscum apud Rocham Fortem, quod eant ad processionem diebus dominicis et solemnitatibus. Et si uerint ad Ciuitatem Compostellanam ante prandium veniant ad uesperas sive completorium...

"Estatuimos tamén sobre as persoas, cóengos, racioneiros e dobreiros que viven con nós na Rocha Forte, que vaian ás procesións os días domingo y solemnidades. E si viñeran á cidade compostelana antes do xantar veñan ás vésperas ou as completas..."

O arcebispo e o seu staff xa viven alí. Unha constitución capitular faise para permanecer - mesmo séculos-; neste caso, moi posiblemente para solucionar un problema recente:

cóengos que estaban na cidade (ou moi preto) e que non cumprían a obriga de residencia. Esta debe ser unha situación nova, por isto precisa de regulación. Con todo, desta afirmación non se deriva que o castelo fora construído ex novo, senón que agora ten capacidade para dar residencia permanente ao prelado e o seu staff.

1266-4-20

Testamento D. Xoán Arias

López Ferreiro, *Historia*, v. V, ap. 37

It. mandamus mense archiepiscopali possessiones infraescriptas. Primo Castellum et terram de aguyar...Castellum de Rocha forte cum LXXXVIII casalibus uel pluribus si ibi inuenta fuerint. domum de Sisto cum XIII casalibus...

... e entre as dádivas a mosteiros, etc.: *leprosis de carraria de Petrono sl. X*

A verdade é que cita case todos os bens que logo documentamos a mesa arcebispal, de aquí que quen estudou isto dubide se estamos ante unha recompilación do que a mesa ten no seu tempo ou ante a listaxe das cousas que el incorporou no seu mandato. Unha parte deles, como ben afirma Marta González a partir da documentación do Tombo C foi comprada en tempo de Xoán Arias, sobre todo na zona do Xiro.

1266-5-4

Falece, no castelo da Rocha, o arcebispo D. Xoán Arias.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 297

A división do cabido na elección dun novo prelado favoreceu a incorporación da cidade ao señorío real e abre o tempo de discordias que rematará coa chegada de D. Berenguel de Landoira. Segundo se deduce dos documentos deste interregno, foron tempos violentos, con queixas das cidades da terra de Santiago por asaltos nos camiños.

Afonso Suárez de Deza (?-16/09/1320)

Pouco é o que coñecemos sobre este famoso cabaleiro. Segundo o *Livro Velho das Linagens*, sería fillo de don Afonso Gómez de Deza (tamén chamado de Probaos) e de dona María Fernández Bicos.

Segundo Vasco da Ponte foi, no seu tempo, *el mayor infanzón de Galicia y el mayor deste linaje*. Podemos testemuñar a súa relevancia certa por canto era o cabaleiro que levaba durante a sé vacante tras a morte do arcebispo Rodrigo de Padrón, a tenza das fortalezas do arcebispado de Santiago; daquela era tamén o mordomo da casa do infante Don Filipe de Molina. Xuntos foron grandes protagonistas das liortas e intrigas que sucederon durante aquela sé vacante e durante o alzamento dos composteláns contra o novo prelado, o francés Fr. Berenguel de Landoira.

Da crónica dese conflito, que acabou solucionándose pola vía das armas, obtemos unha imaxe bastante subxectiva deste cabaleiro: infiel ao seu señor natural -o arcebispo-, intrigante, traizoeiro, ... a mesma encarnación do mal.

En poucas palabras, aparece ante os nosos ollos como o líder da oposición e xa que logo o principal obstáculo para o correcto -a xuízo do autor- devir dos acontecementos: chegada do prelado e pacífica posesión do que por dereito lle pertencía, a súa cidade e arcebispado. Pero o certo é que as súas intencións e feitos deben estudarse nunha perspectiva máis ampla e ter en conta, por unha banda, as ambicións do seu señor D. Filipe a respecto da rexencia no reino castelán -para o que sería de importancia estratéxica emerxer como home forte de Galicia- e, por outra, o longo baleiro de poder na mitra compostelá, que se prolongaba practicamente desde a morte de D. Xoán Arias, e que fora e pretendía ser aproveitada polos composteláns para arredarse do dominio arcebispal e integrarse no reguengo.

No momento da chegada de D. Berenguel ambos intereses confluíron, emerxendo Afonso Suárez -citado as máis das veces con outros representantes concellís- como cabeza visible, líder recoñecible e privilexiado con interlocución nos dous polos de oposición ao prelado (o infante e o concello).

O suceso do seu asasinato -xunto co do outros líderes do movemento cidadá- deixou a súa pegada no imaxinario colectivo tanto pola súa deshonestidade -fíxose ás agochadas, alegando mesmo o autor da crónica o descoñecemento do prelado-, pola súa brutalidade -foi un golpe de man insólito que houbo que xustificar co apoio explícito do Apóstolo.- como pola súa contundencia: descabezouse definitivamente o movemento opositor.

Así o conta o autor dos *Feitos de D. Berenguel*: *luego que aquellos hombres se armaron, dirigidos en todo por la virtud del beatísimo Apóstol, la justicia y la venganza divinas cayeron sobre el referido satélite de Satanás, el traidor Alfonso, y sobre sus cómplices. En efecto, los hombres armados se lanzaron primero contra el y contra Martín Martínez, que abandonando a su padre y señor se había sumado a la causa del traidor, y con sus consejos y su ayuda había dado fuerzas a los ciudadanos en aquella rebelión y maldad. En un momento mataron a los nueve y otros más... Todo esto fue llevado a cabo en un momento, según lo vi yo que lo escribo, sin enterarse el santo varón.*

¡Qué suceso tan admirable y digno de pasar a la posteridad, que un hombre tan poderoso recibiese una muerte tan inesperada y horrible junto con otros hombres casi tan poderosos como él a manos de gentes de otra condición!

Este suceso uniu para sempre a memoria do castelo á dos Churruchaos, liñaxe á que pertencía Don Afonso, e a unha lenda que chegou a nós a través do prisma dos escritores románticos.

Noticias documentais

Y en el tiempo que fray Berenguel era arzobispo de Santiago, estando en la Rocha, degolló por traición a muchos grandes. El mayor dellos fue Alonso Suárez de Deza, el mayor infanzón de Galicia y el mayor deste linaje.

Vasco da Ponte, *Recuento*, p. 129

El arzobispo fray Berenguel, fraile de la orden de santo Domingo, estando na Rocha, mató a Alonso Suárez de Deza que era al tiempo el mayor infanzón de Galicia. Y mató con él a Juan Varela de Nendos, y a Pedro Fernández de Andrade y a Fernán Perez, su hermano, y a Fernán Pérez de Barcia

*y a Lorenço Rodríguez de Varçia, y a Martín Rodríguez de Tudela y a Lope Sánchez de Boado y a otros hijosdalgo: fue en la era de mil treçientos y cinquenta y ocho, miércoles, a diez y seis de septiembre*⁶ . (16-9-1320)

Vasco da Ponte, *Recuento*, p. 131

En González Vázquez, M. *El arzobispo*, p. 186-187 pode atoparse unha breve nota sobre os Deza en tempo de D. Berenguel de Landoira.

6 Os editores din que os nomes que aquí se dan son distintos aos ofrecidos na crónica de D. Berenguel de Landoira

Fr. Berenguel de Landoira, arcebispo de Santiago (aprox. 1262-1330)

Nacido na fidalga familia dos señores de Salmiech, no condado de Rodez (Sur de Francia), ingresou na orde dominica en 1282. Coursou estudos de Teoloxía en Montpellier e Paris, chegando a ser un recoñecido pensador neste campo. Foi tamén elixido para exercer distintos cargos dentro da súa Orde, ascendendo no escalafón ata que en 1312 foi designado Mestre Xeral da Orde dos Predicadores.

Das noticias deste tempo da súa vida, dedúcese con claridade a valía intelectual, a súa notable capacidade xestora e a súa vontade reformista, sendo especialmente salientable a reorganización e pulo que deu as misións dos frades en Oriente.

En paralelo aos seus esforzos dentro da Orde dos Predicadores, desenvolveu con éxito diversas misións por encomenda do Papado, especialmente en tempo de Xoán XXII - volcado nun proxecto de centralización da Igrexa e, moi especialmente, de consolidación do seu poder sobre as igrexas diocesanas e de reorganización das finanzas pontificias- co que segundo parece Fr. Berenguel mantiña unha notable sintonía.

O seu nomeamento para a prelatura compostelá ten lugar tras o falecemento do arcebispo Rodrigo de Padrón en 1316 e da división do cabido á hora de nomear un sucesor. No transfondo desta disensión había toda unha serie de procesos que se relacionaban tanto coas ansias composteláns de saír do señorío eclesiástico como con as necesidades políticas da Coroa. A solución proposta foi a de designar a un axente externo a querela local e castelá, traer a un home de absoluta fidelidade ao pontificado e aos seus obxectivos pero con probada solvencia negociadora e capacidade resolutiva e executiva.

En xullo de 1317 foi promovido á sé de Santiago aínda que tardou en aceptar a proposta e aínda se demorou na viaxe. Ao cabo, chegou a Santiago no outono de 1318. Para entón, os composteláns tiñan poderosos aliados e unha estratexia clara para acadar o seu obxectivo último, rexeitar o señorío arcebispal e incorporarse ao dominio real.

A súa peripecia compostelá está detalladamente relatada na Gesta Berengarii de Landoria, archiepiscopi Compostellani, comúnmente coñecida como Feitos de D. Berenguel de

Landoira, que é atribuída a Aimeric de Anteiac, que pertenceu ao seu séquito e viviu os acontecementos que relata.

Ata que en 1321 dobregou, pola forza, a vontade da cidade e obtivo dela o recoñecemento ao seu señorío sobre ela, a cidade e o prelado viviron unha guerra aberta. Os composteláns apoiábanse nunha alianza estratéxica co Infante don Filipe, representante da coroa en Galicia, e no fidalgo Afonso Suárez de Deza, cabaleiro sinalado da liñaxe dos Churruchaos que comandaba as fortalezas da mitra durante a sé vacante.

Landoira houbo de loitar polo seu dereito a ser recoñecido señor da cidade, ata o punto de que se lle negou a entrada na cidade. É un tempo de guerra, negociacións, alianzas, traizóns, golpes de forza e de efecto no que a Rocha Forte será o refuxio sólido do arcebispo e os seus fieis. O asasinato en 1320 de Afonso Suárez de Deza e doutros líderes cidadáns puxo un dramático fin ao conflito ao inclinar definitivamente a balanza do lado do arcebispo. Este feito dramático deu pe a unha lenda, revivida polo gusto romántico do século XIX, que encarna no imaxinario colectivo dos composteláns a súa longa e infrutuosa loita por sacudirse o señorío da Igrexa.

Só a partir dese día puido D. Berenguel exercer con plenitude a encomenda de gobernar a súa igrexa, a cidade e o territorio que encabezaba ao tempo que cumprir o mandato que lle encomendara Xoán XXII. En efecto, o seu mandato desenvolveu un importante esforzo na liña de consolidación da proxección do papado en Castela e de fortalecemento do seu sistema fiscal neste territorio.

Como prelado, resulta evidente que o seu labor foi meritoria, situándose posiblemente entre os arcebispos máis sinalados do período medieval: apoiou algunhas reformas que consolidaron as bases económicas e institucionais do cabido catedralicio, celebrou catro sínodos diocesanos nos que se fixo fincapé na continuación e consolidación das reformas do IV Concilio de Letrán, transformou e afortalou o aparato militar do señorío que pasou a dispoñer de dous alcázares ben robustos (a catedral e o castelo da Rocha Forte), exerceu plenamente como metropolitano da provincia compostelá,... Os tombos B e C e o das Constitucións Capitulares hoxe custodiados no arquivo catedralicio, a igrexa de Santa

María a Nova en Noia, un fermoso busto relicario do Apóstolo,... son os testemuños máis visibles dun mandato que foi intenso pero frutífero.

No verán de 1330 acompañou ao rei na guerra contra Granada. Alí faleceu en circunstancias non ben esclarecidas pero que apuntan a unha ferida de guerra. Os seus restos foron trasladados a Rodez, onde recibiron sepultura.

Noticias documentais

Y en el tiempo que fray Berenguel era arzobispo de Santiago, estando en la Rocha, degolló por traición a muchos grandes. El mayor dellos fue Alonso Suárez de Deza, el mayor infanzón de Galicia y el mayor deste linaje.

Vasco da Ponte, *Recuento*, p. 129

El arzobispo fray Berenguel, fraile de la orden de santo Domingo, estando na Rocha, mató a Alonso Suárez de Deza que era al tiempo el mayor infanzón de Galicia. Y mató con él a Juan Varela de Nendos, y a Pedro Fernández de Andrade y a Fernán Perez, su hermano, y a Fernán Pérez de Barcia y a Lorenço Rodríguez de Varçia, y a Martín Rodríguez de Tudela y a Lope Sánchez de Boando y a otros hijosdalgo: fue en la era de mil treçientos y cinquenta y ocho, miércoles, a diez y seis de septiembre . (16-9-1320)

Vasco da Ponte, *Recuento*, p. 131

v. tamén Díaz y Díaz, Manuel Cecilio, e outros. *Hechos de Don Berenguel de Landoria, Arzobispo de Santiago*. Santiago: Universidad, Secretariado de Publicaciones, 1983.

Afonso de Fonseca II, arcebispo de Santiago (?-1507)

Pertencente á linaxe salmantina dos Fonseca e Acevedo, unha parentela da fidalguía mediana que medrou no estudo, o servizo á coroa e no exercicio de cargos públicos. Acadou gran relevancia a partir de mediados do século XV cando algúns dos seus membros desenvolveron papeis relevantes da política do reino castelán: Juan Rodríguez de Fonseca -do Consello Real de Xoán II-, Afonso de Fonseca -arcebispo de Sevilla e Santiago e verdadeiro magnate político-, Juan Rodríguez de Fonseca -que chegou a ser Presidente do Consello de Castela e primeiro Patriarca das Indias e colaborador eficaz da Coroa na posta en marcha da empresa americana e do novo estado- ou Antonio de Fonseca, contador dos Reis Católicos.

É moi posible -algunhas fontes apuntan a isto- que cursara estudos universitarios en Italia, no Estudo de Padua, de dereito. A súa carreira eclesiástica previa desenvolveuse á sombra do seu tío homónimo que lle concedeu beneficios capitulares en Sevilla; no momento da súa designación para Santiago era deán hispalense e estaba en Italia (Padua) pero non volveu inmediatamente a Castela para tomar posesión persoalmente. Isto sería en 1463.

Accedeu á se arcebispo compostelá tras o falecemento de D. Rodrigo de Luna (1-6-1460), pero non tomou posesión dela inmediatamente senón que a permutou coa hispalense, de xeito que o seu tío viría a Santiago e o mozo quedaría en Sevilla.

Segundo parece foi a complicada situación da mitra na Terra de Santiago o que provocou este acordo que buscaba poñer a súa fronte, pois estaba enseñoreada polo conde de Trastámara que, co apoio do concello, disputara o señorío da cidade ao arcebispo Luna, e que agora quería o arcebispado para o seu fillo Lois Osorio.

O pacto era, segundo o cronista Alfonso de Palencia, *entre tío y sobrino, que paçificado lo de Santiago, se tornasen destroçar los arçobispados*. O intercambio tivo lugar a finais de 1460 por canto o arcebispo mozo non foi nomeado administrador de Sevilla ata o 3 de decembro dese ano.

O rey deu comunicación disto ao cabido de Santiago, que aínda estaba en Padrón, expulsado da cidade.

Fonseca I, xa nomeado como prelado compostelán, comezou a recuperación da sé. O seu irmán, Fernando de Acevedo veu á fronte dun exército que cercou a cidade na primavera de 1461 e que se apoderou do señorío antes de setembro, cando Fonseca I está en condicións de volver a Sevilla.

A recomposición das sés foi complicada, como é ben coñecido, pero hai nela un transfondo máis fondo que os simples gustos persoais (equilibrio das alianzas políticas do reino e do propio concello sevillano, principalmente). Os primeiros axentes da administración de Fonseca II chegan a Santiago nos últimos días de 1463; a principios de 1464, Fonseca I está en posesión da igrexa hispalense.

Exerceu como arcebispo ata 1507, cando acadou a dignidade de Patriarca de Alexandría e foi sucedido na sé compostelá polo seu fillo Afonso de Fonseca, o terceiro dese nome, tras o breve e testemuñal mandato do cardeal Pedro Luis Borja.

O pontificado de Fonseca II foi intenso en sucesos e transformacións: enfrontamento coa nobreza da Terra de Santiago -nomeadamente os Moscoso de Altamira-, os Irmandiños, as repercusións da guerra de sucesión castelá en Galicia, o nacemento e consolidación da autoridade real a través da creación da Real Audiencia, os intentos de reforma no seo da Igrexa, a crecente proxección da fidalguía e burguesías urbanas... Foi, sen dúbida, un período complexo que aínda hoxe os historiadores coñecen e avalían con certa dificultade.

Xa que logo, a súa biografía esta ategada de sucedidos que, en certo modo, reflicten tanto ao home como ao tempo que lle tocou vivir: liortas con Bernal Eáns de Moscoso que rematan cun longo cativerio do prelado a mans do de Altamira, asedio da catedral e secuestro do cabido, liberación do arcebispo condicionada a un exilio, paso a Portugal e logo a Castela ante o ímpetu Irmandiño e as querelas sucesorias no reino, conformación da liga nobiliaria que recuperou o país e derrotou a Irmandade, instalación en Compostela e a súa Terra dun novo modelo administrativo (máis moderno), infatigable loita por fortalecer as bases económicas e políticas dos señorío compostelán, conflitos con señores, concellos e

representantes reais na defensa do que consideraba dereitos inalienables da súa Igrexa, decidida defensa da nova administración deseñada polos Reis Católicos -sempre e cando fose acaída aos seus intereses-, etc.

Á vista dos feitos, ata 1480 o seu mandato pode calificarse como tumultuoso e, sen dúbida, moi difícil pero é indubidable que o intenso esforzo militar, político, legal e económico deu compridos froitos pois está encamiñada a recuperación do groso das rendas arcebispaís, reasentado o seu poder (teórico e práctico) no seu señorío, establecido o xérmolo dun novo esquema administrativo na Terra de Santiago e consolidada a proxección do prelado como principal valedor da Coroa no reino de Galicia.

Na década de 1480, mudou a acción dos reis respecto a Galicia. A súa busca dunha presenza e autoridade máis real no territorio inevitablemente acabou levando ao desencontro co prelado. Nomeado en 1481 presidente do Consello Real e anos máis tarde da Real Chancelaría, Fonseca reside cada vez menos en Santiago o que permitiu non só rebaixar o nivel de tensión nos diversos conflitos existentes senón tamén reconducilos por outras vías.

Ata o final da súa vida, don Afonso repartiu a súa vida principalmente entre a Corte e Salamanca, cunha presenza esporádica en Santiago. Os seus obxectivos máis claros foron o servizo á Coroa, a blindaxe das prerrogativas (políticas, económicas, etc.) do señorío arcebispaís na cidade e Terra de Santiago e encamiñar o futuro dos seus fillos.

Don Afonso tivo con dona Maior de Ulloa, irmá do Conde de Monterrei, dous fillos; Diego de Acevedo e Afonso de Fonseca. O maior, para o que o seu pai intentou conformar un patrimonio sólido que servira de base a unha posición relevante no reino, casou coa súa prima Tareixa de Zúñiga, herdeira do condado de Monterrei; a súa morte en 1496, deixou no arcebispo á responsabilidade de protexer a herdanza do seu neto Afonso de Acevedo y Zúñiga -futuro Conde de Monterrei-, para o que fundará un morgado en 1504.

O outro, Afonso, seguiu a carreira eclesiástica, ocupando diferentes beneficios tanto en Santiago como noutras igrexas. En 1507, sucedeu ao seu pai na sé compostelá; foi, sen

dúbida, un proceso controvertido no que influíron non só os desexos dos Fonseca senón tamén as circunstancias da coroa castelá e, mesmo, da curia pontificia.

Tras o relevo e ata a súa morte en 1512, Fonseca II -ascendido a Patriarca de Alexandría- residiu en Salamanca onde asumiu a presidencia do xulgado metropolitano de Santiago, que tiña a súa sé nesa cidade. Malia a súa idade, defendeu alí con vehemencia os dereitos composteláns, o que lle levou a intensos conflitos tanto cos bispos salmantinos como co Estudo universitario.

Foi sepultado, aínda que anos despois, en Salamanca nun fermoso monumento de alabastro obra de Diego de Siloe, na nave da igrexa do mosteiro da Nosa Señora da Anunciación, por el mesmo fundado.

As fontes documentais reflicten unha dobre imaxe da súa personalidade: para uns o seu rasgo definitorio sería a súa belicosidade e teimosía, para outros o seu compromiso na defensa da igrexa que lle fora confiada e que estaba perdida e ocupada.

En calquera caso, estas dúas facianas contrastan sobradamente con outra faceta da súa vida que é a protección que prestou a diversos creadores como Alonso de Palencia, Antonio Geraldino ou Marcos Durán, promotores do Humanismo e as novas tendencias da cultura. Abriu, tamén aquí, o camiño que seguiría o seu fillo Afonso.

Unha biografía máis completa en

<http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/view/174/176>

Noticias documentais

Unanimemente os declarantes do Preito Tavera-Fonseca atribúen a Fonseca o desmantelamento sistemático da Rocha Forte e o traslado das pedras ao Pico Sacro. Por exemplo:

Gonzalo García de Baamonde. Crego. Veciño de Santaia de Codeso.(páx. 184-185)

13ª- que la dicha fortaleza de la Rocha Forte hera nesçesaria e pertenesçiente para la dichoa Yglesia de Santiago hespeçialmente para en tiempo de guerra porque hesta en medio de los dichos caminos

que ban para Padron e de alli para Pontebedra y para Portogal y de la otra parte el camino que para Noia e Muros e tambien porque dize el dicho testigo que la fortaleza de Altamia no hestaba llebantada al tiempo que la dicha fortaleza de la Rocha estaba llebantada porque despues que la dicha fortaleza de la Rocha fue derrocada se hizo...

14- quel testigo bido que la dicha torres de Pico Sagro fuera fecha de la piedra de la Rocha Fuerte y que la vido llebar e carretar a los basallos del dicho arçobispado a los vezinos comarcanos de alderredor de Santiago la qual les hazian llebar a su pesar...(páx. 184-185)

Álvaro Sánchez de Ávila

Poucos son os datos que temos sobre Álvaro Sánchez de Ávila máis alá da súa relación coa sé compostelá. É moi posible que fora de orixe castelán e resulta bastante probable que estivera emparentado con Afonso Sánchez de Ávila, chantre de Santiago ca nos tempos do arcebispo don Lope de Mendoza. Pertencería, xa que logo, á fidalguía mediana do reino, aquela que medrou a través do estudo e o servizo á Coroa e aos grandes señores.

A primeira noticia que temos sobre el é de 1455 cando o cabido catedralicio faille un aforamento de bens; daquela é xa *alcayde da Rocha Forte de Santiago* e rexedor da cidade. Descoñecemos en que data accedeu D. Álvaro a estes cargos pero, en todo caso, non foi antes de 1450, cando aínda mandaba o castelo o arcediogo Xoán Mariño de Soutomaior.

Polas informacións que temos daquela aínda era home novo e solteiro. Ao longo da súa vida casou dúas veces, primeiro con María González e logo con Inés García, que pertencen a familias da burguesía acomodada compostelá que nestes tempos comezaba a afidalgarse; é este un perfil de matrimonios bastante común no tempo, que buscan unir riqueza e nobreza e está na base de moitas liñaxes da fidalguía mediana da Idade Moderna.

Viviu na compostelá rúa da Moeda Vella acompañado por un pequeno séquito de persoas conformado por “criados de servizo” e *criados* pertencentes á familia ou próximos a ela, posiblemente tamén doutros cabaleiros que o acompañaron no servizo de armas. Como home relevante na cidade e arcebispado, D. Álvaro tiña tamén o seu propio entourage.

Encadrábase, non obstante, na casa do Arcebispo por canto gardaba a fortaleza máis relevante da Terra de Santiago e del recibe á retribución aos seus servizos. O alcalde da Rocha Forte, como os que o precederon, non ten dominio territorial propio herdado ou gañado; é a fidelidade, a honra e a eficiencia o que cimenta a súa posición na casa arcebispal e o que permite a súa permanencia no posto tras as vacantes e os nomeamentos de novos prelados. O seu era un cargo directamente vinculado ao arcebispo e á defensa do seu señorío sobre a cidade e o territorio inmediato.

Exerceu como alcalde da Rocha, como xa se dixo desde o ano 1455 aproximadamente, cos arcebispos D. Rodrigo de Luna, Afonso de Fonseca I e Afonso de Fonseca II, recibindo a

fortaleza tras o xuramento de preitohomenaxe -como era común entre os fidalgos- que implicaba fidelidade ao señor, ter o castelo abastecido de armas e xente e facer des la dicha fortaleza gerra e paz, seguindo o mandado dos prelados.

Tras o desmantelamento da Rocha Forte polos Irmandiños e a súa destrución *a cimentis* anos despois, seguiu exercendo como cabaleiro da casa arcebispal e rexedor da cidade. Durante algún tempo impreciso pasou a ser o alcalde da outra gran fortaleza eclesiástica, a Barreira. Alí o seu perfil é ben diferente, porque tamén os tempos mudaron e non ten tanta relevancia a función militar do castelo que, nun tempo de paz, é máis ben un centro de goberno e recadación de rendas.

O cronista Vasco da Ponte -relativamente próximo no tempo aos feitos que narra- relata con gran detalle a súa participación na batalla de Altamira (1471). Abandeirado das tropas arcebispais loitou e resistiu case ata o último alento cunha actitude que foi louvada non só polo escritor senón polos fidalgos do bando vencedor, que recoñeceron na actitude temeraria do alcalde da Rocha a encarnación dos valores do bo cabaleiro.

Morreu en 1489, tras redactar un detallado testamento no que lembra non só aos seus familiares -particularmente á súa neta Beliça- senón tamén aos que con el serviron; dispuxo ser enterrado na igrexa do mosteiro de San Paio de Antealtares, preto da capela de Santa María.

Don Álvaro, que recibiu o tratamento de alcalde da Rocha ata a súa morte anos despois de derrubado o castelo, aparece nalgunhas das nosas fontes informativas como o exemplo de cabaleiro medieval: home de honra, fiel ao seu señor e valoroso; é este o perfil que destaca Vasco da Ponte e algúns dos que declaran no documento coñecido como Preito Tavera-Fonseca. Neste proceso atopamos tamén a outra perspectiva, que reflicte a imaxe dun home violento -ás veces mesmo cruel-, temerario e cobizoso; o perfecto malfeitor que, protexido pola vontade señorial e os muros do castelo, aterrorizou a toda unha comarca naquela guerra de baixa intensidade que tivo lugar nas décadas centrais do século XV. Unha imaxe contradictoria pero acaída aos tempos complexos que lle tocou vivir.

Noticias documentais

1455-12-5, Santiago

Primeira mención como tenente da Rocha, recibe un foro do cabido

Sánchez Sánchez, *Álvaro Sánchez de Avila*, ap. doc. nº 1 (tomado de ACS, S 16/1. AD, doc. 1)

Alvaro Sanches, alcayde da Rocha Forte de Santiago et rejedor que sodes da çibdade de Santiago.

1457-01-23, Santiago

O arcebispo D. Rodrigo de Luna acepta a renuncia que fixo D^a Xoana de Soutomaior duns casares e da fortaleza da Insua.

López Ferreiro, *D. Rodrigo*, p. 22

Entre os ts. está Alvaro Sánchez de Avila, alcaide da Rocha

1457-05-30

Foro que fixo o mosteiro de San Martiño Pinario a Alvaro Sánchez de Avila, rexedor de Santiago, e á súa muller María Gómez, pola súa vida e dúas voces, da casa, torre e fincas que ten na zona de Abanqueiro.

Lucas Álvarez, *San Martiño Pinario*, doc. 342 (v. I, p. 602)

1457-06-19

Preitohomenaxe que fixo Lope Pérez de Moscoso pola fortaleza de Mesia e Cira ao arcebispo D. Rodrigo de Luna

AHDS, FX 100, peza 3, fol. 95r

Entre as ts: Álvaro Sánchez de Ávila, alcalde da Rocha.

1457-12-31

Sentenza dada polo arcebispo D. Rodrigo de Luna na querela entre as linaxes dos Osorio de Trastámara e os de Lemos sobre señoríos na zona de Sarria.

1458-03

Cando os cabaleiros resisten e rexeitan acudir á convocatoria que Rodrigo de Luna lles fixo para ir con el a guerra do Rei, Alvaro Sánchez de Ávila (casteyleiro da Rocha forte e alcalde da cibdad de Santiago) permanece no campo arcebispal, figurando como ts na réplica que o prelado deu ás pretensions e apelacións dos cabaleiros.

López Ferreiro, *Don Rodrigo*, p. 37 (nas mesmas condicións en p. 39)

Cit. en Garcia Oro, Osorios, Pardos... p. 154

Subscriben como *testigos*, *Bernal Yáñez do Campo*, *el Lic. Francisco Rodríguez de Toledo*, *el Lic. Martín Maldonado*, *alcalde mayor del arzobispado*; *Jaime de Lua*, *Álvaro Sánchez de Ávila*, *alcalde de la Rocha*, *Juan de la Parra y Sancho Davila*, "*todos de la casa del señor Arçobispo*"

1458-4-27, Cáceres

Provisión de Enrique IV aos pobos do arcebispado de Santiago e do reino de Galicia para que favorezan e axuden ao arcebispo don Rodrigo de Luna

AHDS, FX, Mazo 21, fol. 66r

Comeza relatando os feitos sucedidos en Santiago e como o arcebispo acudiu á chamada do rei *cumpliendo mi mandado es venido en mi servicio e dexo por su vicario e legitimo theniente en el dicho arçobispado a Diego Verdejo*, *arçediano de Trastámara*, *e por su alcalde e justiçia mayor de toda su tierra a Alvaro de Ávila*, *su familiar*, ... manda que non se lles faga dano ningún, antes ben que se lles apoie e axude.

Esta expresión "familiar" non debe entenderse en sentido estrito senón como expresión de proximidade. Don Alvaro é home da casa arcebispal.

1459-1460

Deixou á Rocha e foi co arcebispo a Padrón.

Apeo do lugar de Covas en San Estevo de Covas, a petición de Álvaro Sánchez de Ávila, alcalde da Santa Yglesia de Santiago por el Reverendissimo Señor Don Afonso de Fonseca, arçobispo.

ACS, Confraría da Concepción, CF 2 (Libro de Facenda, 2), Fol. 70r-71v. O documento é de 1484-5-4, Covas

O deslinde faise a petición do alcalde en execución dunha petición da confraría dos cregos do coro da catedral. Declaran alí diversas testemuñas sobre o casal, os seus predios, etc.

Un deles di: *oyra dezer a Gonçalvo de Beyroa, labrador e têedor que entonçe era do dito casal de Covas por Martin Lopes, cardeal, que o dito Beyroa encoutara o tarreo de Guillamonte ao dito Gonçalo de Covas que o queria labrar polo dito señor arçobispo, sobre lo qual fora enprasados et a pleito ante o señor Alvaro Sanches de Avila, alcalde que enton era da Rocha Forte de Santiago; et que se aconteçera que o dito Álvaro Sánches se partira para Padron onde estava o arçobispo don Rodrigo. Et por causa da dita yda que non fora dada entre eles determinaçion sobre lo dito agro*

c. 1464

Levaba do cabido certos bens

ACS, Tombo de Tenzas 3, fol. 8v-9r

Este coto de Oyns con los cotos de Calvos y Santisso e todo lo mas que esta tenençia grande tenia en ellos, como lo tenía el alcalld de la Rocha y otras heredades, que el dicho alcalld tenia en fuero se desmembro de la thenencia...

Iten enos coutos de Calvos e Santiso de Cornado a vem quasy triinta homes de señorío, toda a jurisidiçion, mera e mixta... estes coutos ten en foro Alvaro Sanches de Avila, alcayde que agora he da Rocha Forte de Santiago. Oubeos con rogos e favores do señor arçobispo don Rodrigo de Luna con quen el vivia e con grande provança, por quatroçientos mrs vellos. E quiserallos quitar desde morreo o arçobispo porque me davan por eles mill mrs cada ano e mays de calças e hua mula de quoreenta dobras e Fernan de Fonseca mandoume// que non fezese, quasy cominando, de parte de noso señor o arçobispo don Afonso. Asy as ten en grande fraude e dano da teença e por hua escriptura fabricada que fezo e notou Jacome Yans.

Consta na marxe; *este caballero murio sin hijos aviendo estado casado con hija del mariscal Suero Gomez de Sotomayor. <esto non é certo>*

1471-6-13, Altamira

Batalla de Altamira. As tropas arcebispais poñen cerco a esta fortaleza, sucedense varios enfrontamentos que rematan nunha certa confusión no bando arcebispal e un repregamento á Santiago.

... quedando de su parte muchos muertos, heridos y presos. Más su alférez quedó con el pendón solo en el campo, que era el muy honrado castellano Alvaro Sánchez de Ávila, el qual se decía alcayde de a Rocha. Cargaban todos los contrarios sobre él, mas nunca le pudieron quitar el pendón de las manos asta derrocarlo y ferirle en la cara y en las manos; pero en el cuerpo no le pudieron ferir porque iba muy armado. Pero dábanle tan grandes golpes por encima de las armas que lo façían enfraqueçer; y lo mataran de todo punto si no fuera el señor Diego de Andrade que se lo sacó de las manos, porque no quería largar el pendón. Y llevolo a su tienda y lo hiço curar y lo trajo a la Puente de Eume, y sobre su fe dejolo venir a Santiago

Vasco da Ponte, *Recuento*, (p. 186)

Segundo Carlos Malagón, a resistencia de Álvaro Sánchez de Avila e a súa defensa do pendón era un intento de manter agrupadas e cunha referencia clara ás tropas arcebispais, facilitando así a fuxida do arcebispo (Galbán Malagón, *Mejor tu que yo*, p. 174).

1472-11-16

Recibe certos bens na zona de Caldas de Reis en tenza do cabido de Santiago.

ACS, Actas Capitulares I, fol. 129r-129v

O documento refírese a el como rexedor da cidade e alcalde da Rocha; esta asignación dunha tenza directamente a unha persoa allea ao cabido é un feito excepcional -como ben se fai constar- e se fai a petición do arcebispo Fonseca.

Ese mesmo día, o alcaide da Rocha acepta someterse a unha arbitrase para solucionar as súas diferencias cun dos cóngos arredor doutros bens do cabido.

En 1474-8-8 o cabido deu eses bens de Caldas a outro cóngo por canto Álvaro Sánchez tiña renunciado a eles (ACS, Actas Capitulares I, fol. 164v)

1472-8-31

O cabido de Santiago da poder para receber as fianzas presentadas polos bens da tenza de Caldas de Reis por Inés García, esposa de Álvaro Sánchez de Avila.

ACS, Actas Capitulares I, fol. 125r

s. XV Matrimonio

Sueiro Gómez de Soutomaior, que liderou a linaxe dos Soutomaior de Lantaño e casou con Doña Leonor Vázquez (filla de Afonso Vázquez de Ínsua), tivo tres fillas: una casola con un hijo del alcaide de la Rocha, la qual era menor y fallesció sin generación...

Vasco da Ponte, *Recuento*, p. 114

Este alcaide non é Alvaro Sánchez de Avila

Unha mención semellante aparece noutra documentación; non obstante, X. Sánchez di que esto non é posible e que a filla do Soutomaior casou, en realidade, con García de Caamaño, que debe ser o mesmo que logo tivo un tempo a Rocha.

s.f. (f.s. XV)

Fundación dun aniversario

Aniversar. pro anima honorabilis viri D. Alvari Sancii de Avila, cuondam tenente in hominagem Rupen fortem pro Reverend^o archiepiscopo compostell. Dantur 100 lbr. Solvantur pro bonis suis pro honorato Francisco de Trevino rectore compostell. herede suo datis mensae capitulari. Est sepultus in sinistra capella ecclesiae S. Pelagii. Fiat processio <ad quintanam> apud januam ipsius Monasterii.

#Aniversario pola alma do honorable señor D. Alvaro Sánchez de Ávila, noutro tempo tenente en homenaxe da Rocha Forte polo reverendo arcebispo compostelán. Danse 100 libras e paganse dos seus bens polo honorable Francisco de Treviño, rexedor compostelán, herdeiro seu; danse á mesa capitular. Está sepultado na capela esquerda da igrexa de San Paio. Fágase unha procesión ata a porta do dito mosteiro#

O primeiro dos libros dí "á Quintana"

Leirós, *Libro de Aniversarios do ACS*, p. 21

Outro aniversario o 6 de setembro (ibidem, p. 239)

1486-87

As contas da mesa arcebispa de Fonseca II computan certos pagos a Álvaro Sánchez de Avila alcaide de la Rocha, de cantidades de cereais debidos, posiblemente, polo bastimento e subministro da fortaleza da Barreira, que parece que el gobernou nalgún momento.

Vázquez Bertomeu, *Libros de recadación*, C-2, fol. 9r-9v

1489-91

As contas da mesa arcebispa de Fonseca II, recollen á seguinte alusión

Vázquez Bertomeu, *Libros de recadación*, C2, fol. 8r

Resçibi de Juan Gubio, maiordomo de tierra de Vendaña, del servìcio que los vezinos de dicha tierra devia a Su Señoria desde fallesçio el alcaide de la Rocha, que son de los años de LXXXIX, XC, XCI, tres mill e quatroçientos e quarenta maravedis.(C2, fol. 8r)

Este alcalde da Rocha debe ser Alvaro Sanchez de Avila. Era unha substitución das rendas que debía ter en función do cargo de casteleiro da Rocha?

1526-1527

No pleito Tavera-Fonseca aparece en varias ocasións.

Gomez de Goyanes. Crego. Veciño de San Martiño do Grove. 85 anos. (páx. 46)

5ª... e que despues en tiepo de dicho señor Patriarca la derribo dicha hermandad fuzquenlla, pero que no se allo a ello presente, e que entonçes hera alcaide della Alvaro Sanchez da Vila...

Pedro Gómez. Cóengo da Igrexa de Santiago. Máis de 70 anos. (páxs. 63-64)

4ª- .. y que hera alcaide della Alvaro Sanchez de Avila al tiempo que la vido el dicho testigo e que seria al dicho tiempo el dicho testigo de doze años, el qual alcaide fuera en tiempo del arçobispo don Rodrigo e despues ansimismo lo fue en tiempo del Patriarca siendo arçobispo de Santiago e dize el dicho testigo que estando la dicha fortaleza segun e de la manera que dicho tiene en tiempo del

arçobispo don Rodrigo algunos caballeros deste dicho arçobispado espeçialmente los señores de la casa de Moscoso y Montaos y los desta çuidad de Santiago le çercaran y combatieran y no la pudieran tomar y que despues en tiempo de dicho señor Patriarca se llebantara la dicha hermandad loca y se pusieron sobre ella y la derrocaran y tomaran siendo alcaide della por el dicho Alvaro Sanchez un Hinojedo e ansi la tomaron e poseieron e posieron por el suelo segund que agora esta... .

Fernando de Roan. Labrego. Veciño de San Xoán de Fecha. 80 anos. (páxs. 117-118).

4^a... la dicha fortaleza de la Rocha Fuerte este testigo estubo dentro della algunas vezes... e que bido que hestava en ella por alcaide al dicho tiempo un Alvaro Sanches Davila e que la tenia por el arçobispo don Rodrigo que entonçes quando el testigo estubo en ella hera arçobispo de Santiago e que despues biniera e subçediera el dicho señor Patriarca...

Gonzalo de Carreira. (páx. 155)

... Fue preguntado si bido la Rocha Fuerte de cabo la çuidad de Santiago dixo este testigo que la bio llebantada u estobiera muchas veces en ella en la qual abia una baliente bara de casa e que tenia un ençinto en que dezian abia siete torres pero quel testigo no las conto e que tenia largo ençinto alderredor e que bio dentro della una capilla que dezian de Santa Oufemea, no save si hera de bobeda si de que cubierta e que la dicha torre e bara de casa hera de piedra de grano y quel dicho ençinto dize que cree que tambien hera de piedra de grano y que hera alcaide della en el dicho tiempo que la bido Alvaro Sanchez...

Juan da Silva. Labrego. Veciño de San Mamede de Ribadulla. 100 anos (páx. 179)

11^a- ...le que conosçio por alcaide della a uno que se llamaba Alvaro da Rocha que hera alcaide della por el dicho señor Patriarca ...

Gonzalo García de Baamonde. Crego. Veciño de Santaia de Codeso. (páx. 184-185)

11^a- ... e posyera en ella sus alcaides hespeçial bido el dicho testigos questobiera Alvaro Sanches por alcaide della por el dicho señor Patriarca çierto tiempo no hes acordado

Pedro Brión. Veciño de San Vicente de O Grove. 80 anos. (páx. 212)

11^a- ... e que bio que uno se dezia Alvaro da Rocha que hera alcaide della por el dicho señor Patriarca...

Alonso de Cerdeira. Labrego. Veciño de San Pedro de Cea. 81 anos. (páx. 223)

11^a- ... e quel dicho señor Patriarca tenia en ella sus merinos hespeçialmente dize el dicho testigo que bido una que se dezia alcaide de la Rocha quel testigo cree que se llamaba Alvaro Sánchez da Rocha hestaba por alcaide de la Rocha por el dicho señor arçobispo...

Pedro de Castroagudin. Labrego.. Vecino de San Pedro de Cea. 70 anos.

(páxs. 232-233)

11^a- ... e que bido por merino e conosçia en ella a un Alvaro de la Rocha al qual lo bido por alcaide della e lo bido e conosçio muchas vezes e dize que hera merino por el dicho arçobispo don Rodrigo ..

Alonso de Jesus. Zapateiro. Veciño de Padrón. 70-80 anos. (páx. 241)

11^a.-... e quel testigo dize que oio dezir al dicho tienpo que Alvaro Sanchez da Rocha hera merino della e el testigo lo conosçio e bio que hera merino della por el dicho señor Patriarca...

Gonzalo de Carreira. Labrego. Veciño de Santa Baia de Oza. 120 anos. (páxs. 297-298)

3^a.- ... que vido otra vez otros ayuntamientos de gente de manera de hermandad no save el testigo ni hes acordado en que manera ni porque causa se llebantaran e que derocaron la Rocha Fuerte de Santiago e que al tienpo que la derrocaran estaba alguna gente entre las quales dize hestava un Alvaro Sanchez, alcaide que della fuera que hera reigidor de Santiago e dezia contra los que la derrocaban que la derrocasen bien pues que bien la abia guardado el qual es muerto, no save quanto tienpo e que la dicha hermandad no hazia tanto mal ni daño como la primera.

Alvaro de Cesar. Labrego. Veciño de San Xoán de Calo. 70 anos. (páxs. 447-448)

3^a- Que lo que sabe de ella es que siendo mochacho pequeno de doze años bio estar llebantada la fortaleza de la Rocha Fuerte de a par de Santiago y por alcalde della a Alvaro Sanchez y estando ansi llebantada dize este testigo que oia dezir que la dicha fortaleza los peones que ella hestaban

azian robos y hespechaban las gentes que pasaba por cabe della tomaban el pescado que benia para la çiudad de Santiago e ansimismo dize este dicho testigo que beniendo Juan de Çesar, padre del testigo, e con el Rodrigo de Socastro e Juan Martinez vecinos de San Juand e Calo con çiertos carros de pan que traian a Lopo Ferreiro, vezino de la dicha çiudad de Santiago, e beniendo para la dicha çiudad con el dicho pan por el monte de Montoto salieran a ellos çiertos peones del alcalde de la dicha fortaleza de la Rocha Fuerte y los prendieran todos tres y los lleberan presos a la dicha fortaleza de la Rocha con los bois y carros que llebaban e los tobiera presos tres o quatro dias e los rescataran por cada diez doblas de oro cada uno e queste testigo bio pagar las dichas diez doblas al padre deste dicho testigo e ansimismo bio pagar las otras diez doblas a los dichos Rodrigo de Socastro e Joan Martinez e queso mismo vido el testigo quel dicho Alvaro Sanchez, alcalde de la dicha fortaleza de la Rocha, en el tiempo ponía otras inposiçiones e demandando bois y bacas e almallos e toçinos e otras cosas que la gente no debia haziendolexelos haçer por la fuerça...

Ruy do Aido. Labrego. Veciño de Santa María de Luou. 80 anos. (páx. 449-450-451)

3ª- ... porquel testigo dize que vido que beniendo este testigo y con el otro quinze o beinte carreteros vezinos de tierra de Rivadulla con carros de pan e leña e provisión para la dicha çiudad de Santiago, e beniendo una mañana de nochada y estando folgando cabe el lugar de Conbarro donde se aze un llano que hes açerca de la çiudad de Santiago diera sobre este dicho testigo y sobre los dichos carreteros que con el estaban el alcalde de la fortaleza de la Rocha Fuerte y otros quatro o çinco de caballos y peones y los tomaron todos y los llebaron presos con sus carros y con lo que llebaban para la dicha fortaleza de la Rocha Fuerte que no dexaran a ninguna a salvo a este testigo porquel dicho alcalde de la Rocha lo conosçia por causa del padre del testigo que hera criado del dicho alcalde de la Rocha y ansi dize el testigo que les tomaran el dicho pan y leña y cosas que llebaban en los dichos carros sin por ello les pagar ninguna cosa e los inbiara ansi e dize este dicho testigo que asimismo oio dezir al dicho tiempo a muchos personas de cuios nonbres no hes acordado y hespeçialmente a padre deste testigo que se llamaba Juan d'Espasande que hera criado y peon del dicho alcalde de la dicha fortaleza de la Rocha que dezian publicamente que de la dicha fortaleza se fazian muchos males e bellaquerías, que forçaban moças y mugeres casadas y salian a prender y rescatar las gentes e tomaban las bacas y carneros y toçinos a los bezinos de las tierra e ansimismo las cargas de

pescado que benian a los puertos de la mar para la dicha çiudad de Santiago sin que por ello pagasen a las personas a quien ansi tomara lo susodicho cosa ninguna... e que sabido por el testigo que fizieran junar los alcaldes de la dicha hermandad con su gente e que mandara derrocar las dichas fortalezas de la Rocha Fuerte y de la Insoa de Vea y le testigo dize que vido juntarse mucha gente con armas contra la dicha fortaleza de la Rocha y la çercaran hasta que la posieran sobre hestacas y la derrocaran toda por el pie en el qual derrocamiento dize este testigo questaba presente el dicho corregidor que dezian hera del dicho rey...

Pedro de Ramil. Veciño de San Vicente de Marantes. 90 anos. (páxs. 455-456-457)

3ª- ... que bio estar llebantada la fortaleza de la Rocha Fuerte de a par de la çiudad de Santiago e por alcalde della a Alvaro Sanchez e al dicho tienpo dize este testigo qeul dicho Alvaro Sanchez acogia en la dicha fortaleza e traia consigo ladrones y malfechores que eran un Gonçalo Capelo e Gomez Nibeiro e Afonso Ezquerdo e Rodrigo Esquerdo que todos heran robadores y matadores e onbres de mal bibir e quemaban casas e hazian otros males porque los dichos Afonso Esquerdo e Rodrigo Esquerdo fueron una noche a casa deste testigo para prener a este dicho testigo e de que no lo podoeran prender le posieran fuego a la casa e xe la quemaran con quanto en ella tenia e con el ganado de obellas e bacas e cabras y pan e bois y ansimismo le quemaran en ella una criatura que hera sobrina de la muger deste testigo e quemaran otra casa junta con la deste testigo e llebaran a su dueño e a otro su suegro presos al monte y ansi los trazieran hasta que los rescataran por diez y seis doblas y el dicho alcalde da Rocha los acogia en la dicha fortaleza e traia consigo en su compañia e dize este dicho testigo que teniendo el dicho alcalde los dichos malfechores en su compañia en la dichoa fortaleza de la Rocha con ellos oia este dicho testigo dezir que azia muchos males y rescates e prisiones de gentes y robos a las personas de la tierra y a los que por cabo de la dicha fortaleza pasaban porquel testigo dize que vido quel dicho alcalde con la gente que tenia trataba muy mal la çiudad de Santiago y a los vezinos della porque benian hasta el otero de Sancta Susana y de alli prendia los vezinos de la dicha fortaleza de la Rocha adonde despues los tenian presos y no los soltaban sino por dineros e dize este dicho testigo que vido quel dicho alcalde de la Rocha prendiera a Lopo da Sionlla y a Joan Crespo su padre, vezinos de San Cristobo de Enfesta que heran vezinos deste dicho testigo y los tubiera presos por espacio de ocho dias y despues los rescatara a cada uno

por treinta doblas de oro las quales este testigo bio llebar para pagarlas al dicho alcalde y dize este testigo que despues de sueltos los sobredichos Lopo da Sionlla dixera a este testigo quel dicho alcalde da Rocha de que lo prendieran porquel mexor se rescacatase lo tomara una noche y en camisa atado en dos palos lo echara a la helada u ansi lo tobiera dos o tres oras hasta tanto quel se concertara con el dicho alcalde de la Rocha de le dar sesenta doblas por si e por el dicho su padre cada uno treinta doblas e ansi dize que oio dezir al dicho tiempo quel dicho alcalde de la Rocha con la dicha gente que en ella tenia hazia otros robos y fuerças y rescates y males ansi a los vezinos de la dicha çuudad como a los de la tierra e su comarca e a los caminantes e a los que por alli pasaban que sentian que tenian dineros...

Martín de Tarrío. Labrego. Veciño de Santa María de Cruces. 90 anos. (páxs. 463-464).

3ª... y dize este testigo que vido que en la fortaleza de la Rocha Fuerte hera alcalde Alvaro Sanchez, el qual traia consigo quize o beinte peones y a bezes treinta de los quales algunos dellos dize este testigo que heran malfechores en espeçial un Diego de Prado e Rodrigo do Monte e Joan de Lamas e que despues fue asaetado por malfechor el dicho Joan de Lamas e tambien un Afonso de Luou que con el dicho alcalde andaba e dize este dicho testigo que vido quel dicho Diego de Prado criado del dicho alcalde da Rocha saliera una bez de la dicha fortaleza con otros sus compañeros y tomara una moça de la çuudad de Santiago e la forçara yendo ella al monte por leá co otras moças e la llebara a la dicha fortaleza e despues la truxiera y llebara a Padron y tubiera en su poder tres o quatro años e dize este dicho testigo que asimismo vido quel dicho Diego de Prado y otros sus compañeros traxieran preso un carniçero vezino de la çuudad de Santiago e lo llebaran çerca de Padron e lo train consigo al monte y este testigo dize que bio que ellos lo sacaban de una casa e lo llebaban a un rio diziendole que lo aogarian sino les daban çien doblas y despues bio que lo rescataran por quarenta doblas de oro las quales este testigo las bio pagar en casa del padre del testigo y despues los sobredichos Diego de Prado y sus compañeros se acogian a la dicha fortaleza de la Rocha e dize este testigo questubo en la dicha Rocha Fuerte tiempo y hespaçio de un mes poco mas o menos siendo el dicho Alvaro Sanchez alcalde y dize que vido que en camino que viene de la villa de Padron para la çuudad de Santiago ponian un poste con un çesto para que de carga de pescado que pasase para la dicha çuudad de Santiago echasen en el dicho çesto çiertos peses y pescados, no sabe el testigo ni hes acordado si ocho

o diez e quel que no echava el dicho pescado en el dicho cesto lo matavan la carga de pescado que llebaba para la dicha fortaleza porquel testigo bio quel dicho Juan de Lamas, criado del dicho alcalde, y otros tres o quatro, tomaran una carga de pescado a Fernan de Campelo, vezino de Padron que llevara para la dicha çiudad e despues dize este testigo que bido que en la dicha hermandad asaetaran al dicho Juan de Lamas por causa de la dicha carga de pescado que avia tomado al dicho Fernan de Campelo...

A biografía máis completa e actualizada en Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Ávila...

<http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/view/77/78>

Gonzalo Bispo, mestre de obras da catedral

A tradición atribúe a Gonzalo Bispo, mestre de obras da catedral de Santiago, a dirección dos traballos de desmantelamento sistemático do castelo da Rocha Forte no tempo do arcebispo Fonseca. É unha asunción razoable pero que, polo momento, non descansa sobre probas certas.

Este *pedreyro e mestre da Obra* pode documentarse entre 1465 en Santiago; é nese ano cando recibe en foro unha casa da Rúa do Castro. Pouco máis sabemos da súa vida persoal agás que tivo un fillo e herdeiro, Afonso Bispo.

Segundo os estudosos foi mestre de obras da catedral cando menos ata 1479; habería que relacionalo, xa que logo, coa obra do *fincapé* ou estribo que nese tempo se construíu para apuntalar a fábrica románica do edificio no seu ángulo SE do transepto; todo apunta a que nesta obra se aproveitaron perpiaños traídos do castelo.

Como experto construtor, as testemuñas do proceso Tavera-Fonseca o relacionan con outras dúas intervencións: o derrocamento en 1465 a petición da Irmandade da Torre Nova polo expeditivo método de cavar minas nos seus alicerces e meterlles lume e a reconstrución da fortaleza de Mesía, esta vez a instancias do arcebispo. Cabe pensar tamén que ao ter sido procesos paralelos dirixiu tamén a construción da fortaleza do Pico Sacro, na que se aproveitou material construtivo procedente da Rocha Forte.

Xoán Mariño de Lobeira, arcediago da Raíña

Pouquísimos son os datos que poden achegarse sobre este eclesiástico que, a decir de Vasco da Ponte, compartía con Álvaro Sánchez de Ávila un comportamento marcado pola firme crenza nos valores da antiga cabaleiría (fidelidade e honestidade). Arcediago da Raíña na catedral de Santiago, exerceu como alcaide da Rocha contra 1450, o que situaría o seu contexto dentro do mandato do arcebispo Álvaro de Isorna ou ben dos primeirísimos momentos de D. Rodrigo de Luna.

Foi sepultado na igrexa parroquial de San Martiño de Sobrán, onde están outros cabaleiros

da casa de Lantaño, á que pertence. No sepulcro está vestido con galas pontificais e adornado con tres escudos de armas que delatan a súa filiación. A obra está técnicamente emparentada con outros sepulcros da época. (vd. Chamoso Lamas, Escultura funeraria, pp. 227-229). Tería sido o fundador de Vilaxoán, nas últimas décadas do século XV.

Noticias documentais

1450-4-28, Tribaldes

Toma de posesión por Maior Fernández, monxa de Santa Cristina da Pena, e Catarina Pérez, veciña de Padrón, como herdeiras do seu irmán defunto Álvaro Filipote das posesions que herdaban del en Tribaldes, Corexo e lugar de Piñeiro. Inclúe provisión de don Rodrigo de Luna autorizando a posesión (1450-4-7, Santiago)

ACS, S-19/7

E despois desto, a viinte nove dias do dito mes de abril do dito ano de mill e quatroçentos e quorenta estando ena Rocha Forte de Santiago, ante Juan Mariño, casteleyro da dita Rocha, e en presenza de mi, notario, e testigos infraescritos, paresceu a dita Catalina Peres, por sy e en nome da dita Mayor Fernandes, sua yrmaa, e por min o dito notario feso ler a sobredita carta ao dito Juan Mariño e le pedio e requirio que a conprise segundo se continua (refirese a carta do arcebispo), poendoas e mandandoas poer en posision do lugar de Corejo e anparandoas e defendendoas con o dito lugar en continuaçon da posision que o dito Alvaro Felipot seu yrmaao tiina do dito lugar e herdades del. E a dita carta leyda, o dito Juan Mariño diso que obedesçia con aquela reverençia que devia e que era presto dea conprir. E por quanto ao presente era ocupado e non podia por sy yr ao dito lugar de Corejo diso que mandava e mandou a Fernan Pereyra, seu home, que fose con a dita Catalina Peres ao dito lugar de Corejo e que a posese e apoderase eno jur e posision das casas, herdades e chantados del. Testemuñas que a esto foron presentes: Iohan Gonçales de Asados, coengo de Santiago, Roy Mariño, escudeiro, e Ares de Leys, homes de Sueyro Gomes de Soutomayor.

Ese mesmo dia foi notificada a decision a Fernán Pereyra que acompañou ás mulleres na posesión. A carta do arcebispo dá amparo ás mulleres, que recedan de que non as deixen

tomar posesión dos bens; está dirixida ao pertegueiro maior de Santiago e a todos os casteleiros, e xuices da Terra de Santiago.

c. 1471

No contexto das loitas de Fonseca con Lopo Sánchez de Moscoso e o cerco do castelo de Vimianzo

Vasco da Ponte, *Recuento*, p. 183

Entre tanto, juntó el patriarca (que aun era arçobispo) su gente, y fue a levantar la fortaleza de Bimianço, que también yaçia derrocada, y era del conde Lope Sánchez en medio de su tierra. Y dejó allí el arçobispo por alcayde a Juan Mariño de Lovera, que era de antigua cavalleria, y dejole quarenta peones quales él quiso escoger, y se fue a Santiago...

Seguía alí mentres sucedía a batalla de Altamira pois despois de derrotar ao arcebispo, os cabaleiros foron a recuperar Vimianzo. Y *llegando a ella requirieron a Juan Mariño de Lobera, alcayde de la casa, que la diese a Lope Sánchez; que si la tomaban por fuerça, que le costaría la vida y a todos los suyos. Respondioles que bien podia morir, pero que lo que el prometiera a su señor arçobispo que lo havia de atender. El alcayde tenia consigo buenos quarenta peones, muchas ballestas, unas de hombres de a pie y otras fortes, lanças, escudos, cascos, coiraças; espingardas e tiros de fogo no tenían. Començáronlos de combatir a horas de almuerço; dieron el combate asta las vísperas, en tiempo que ern los días grandes. Havía mucha ballestería alrededor. Y así pasaron la barreyra arrimando al muro bancos, y con gadaños de ferro puestos en astas longas tiraban por las almenas. Otros bien armados subían por escalas. Un escudero valiente y bien armado tomó un fieltro mojado y vestido por ençima del capaéte y con un machado en las manos se llegó a las puertas de la fortaleza y empezó a cortarlas muy sin miedo, porque las ballestas fuertes no pasaban el fieltro: y cortó las puertas. Y a hora de vísperas entraron en la casa por la fuerça; mas no quisieron haçer mal a los contrario salvo que los rescataron.* (p. 187-188)

Nota: A batalla de Altamira foi o 13-6-1471

Os casteleiros

Dispoñemos dunha fragmentaria relación de casteleiros/alcaides que, cando menos nos finais da Idade Media, parecen exercer tamén funcións xudiciais. Todo induce a pensar que estes casteleiros, cabaleiros fidalgos polo que se sabe, recibían o castelo dos arcebispos seguindo as fórmulas do preitohomenaxe. Non deixa de ser sorprendente que dos nomes coñecidos, ningún sexa dun fidalgo de casa poderosa -agás Xoán Mariño de Soutomaior, quen, por outra parte era, arcediago na Igrexa de Santiago-. Parece que os arcebispos quixeron reter, a través do nomeamento de persoas próximas e de probada fidelidade, o control directo e absoluto sobre a fortaleza e o territorio que controla.

Se temos en conta os paralelos baixomedievais dispoñibles doutros castelos da mitra compostelá, estes casteleiros e o seu *staff* percibirían -directa ou indirectamente- polo seu traballo e para os gastos derivados do mantemento do castelo a totalidade ou parte das rendas a el pertencentes. É o que as contabilidades do tempo de Fonseca denominan a *retenencia* da fortaleza: anótanse nelas gastos variables en gran e viño para completar as necesidades da Barreira, Rodeiro ou Pico Sacro que se toman directamente do recadado polo mordomo arcebispal no territorio; pagos aos cabaleiros *de acostamiento* da casa arcebispal -entre os que estaría o tenente da Rocha Forte-; pagos en diñeiro para a compra de subministros e pago de soldadas, etc.

Casteleiros/alcaides

1318

Afonso Suárez de Deza ten o castelo e as outras fortalezas arcebispais cando chegou D. Berenguel de Landoira. As tiña en Homenaxe ben do Infante D. Felipe ben do cabido, pois debe ser unha das súas atribucións en se vacante.

Diaz e outros, Hechos.

1328-9-5, luns

D. Berenguel de Landoira outorga a D. Pedro Fernández de Castro o cargo de Pertegueiro

Maior da Terra de Santiago, baixo as condicións que se especifican.

López Ferreiro, *Fueros*, p. 400-406

Non fai mención neste texto a ningún castelo arcebispal agás ao de San Paio de Lodo que, segundo se dí, vai tradicionalmente coa pertegaría. E este castelo e o cargo de pertegueiro, que se obteñen baixo xuramento de preitohomenaxe en mans doutro cabaleiro, terán que se renovar no caso de sé vacante a prol do cabido e do cabaleiro que el nomee.

1333

García Gutiérrez

Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Ávila, p. 130

1333-7-24

Poder que da Pedro Eans da rúa dos Ferreiros a Afonso Gil, crego de San Tomé de Ames, a García Guterres, casteleiro da Rocha, Roi Correeiro e a Pedro Martin, cambeador, para que actúen como seus procuradores para diversis asuntos que non se detallan.

ACS, S- 20-7

García Goterres, casteleyro da Rocha

É un poder xeral para procesos xudiciais, recadación de rendas... parece un asunto persoal

1338

Pedro Gómez de Argonedo

Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Ávila, p. 130

1385, 09, 24

Traslado de un carta al vicario del arzobispo de Santiago Pedro Fernandez, fechada el 22 de noviembre de 1385 en la que se ordena a los oficiales del arzobispado so pena de excomuni3n, guardar los privilegios concedidos por los reyes al convento de Belvis.

CD Belvis nº 69

De min Pedro Fernandez... a vos Rodrigo Alvarez Pertegueiro da Rocha Forte ...

1394. abril, 10, Santiago

Traslado de preito homenaxe que o escudeiro Gonçalo Perez de Borrageyros lle fai ó deán pola casa forte de Borraxeiros.

Tumbo H, 1inv, (páxs. 597-598)

...Testigo que a esto fueron presentes: Pedro Gomes d'Argomedo, ptegeyro de la Rocha...

1435

Reconto dos bens da mesa arcebispal

Tumbo Vermello, fol. 87r

O alcalde ou casteleiro leva unha parte dos ingresos derivados do portádego do castelo.

Souben que dan en renda cada ano por estes dereitos a **Vasco López de Cordido**, voso alcalde e tenente que agora é da dita casa, mil e douscentos mrs de moeda vella e oito millares¹ de sardiña salgada.#

1448- post. 1450

Xoán Mariño de Lobeira, arcediago da Raiña

Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Ávila, p. 130

Lopez Ferreiro, Historia, v. 7, p. 193

1450-5-5, Santiago

Provisión do arcebispo D. Rodrigo de Luna a varios cabaleiros do arcebispado lembrándolles que os caseiros do cabido de Santiago están exentos do pago de certos tributos.

López Ferreiro, D. Rodrigo de Luna, p. 11-12 (doc. completo en ap. II)

Entre os destinatarios do escrito: *Juan Mariño, arcidiano de la Reyna, alcayde del nuestro castillo e casa fuerte de la Rocha*

1450-7-5, Santiago

Provisión do arcebispo D. Rodrigo de Luna a varios cabaleiros do arcebispado lembrándolles que os labregos do couto de Codeseda, que é do cabido, están exentos do pago de certos servizos

ACS, CS 16/1

....et vos don Juan Mariño arçidiano de la Reyna, alçayde de nuestro castillo e casa fuerte de la Rocha...

1455-12-5, Santiago

Primeira mención de Álvaro Sánchez de Ávila como tenente da Rocha, recibe un foro do cabido

Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Avila, ap. doc. nº 1 (tomado de ACS, S 16/1. AD, doc. 1)

Alvaro Sanches, alçayde da Rocha Forte de Santiago et rejedor que sodes da çibdade de Santiago.

1457- 6-19

Preitohomenaxe que fixo Lopo Pz de Moscoso pola fortaleza de Mesia e Cira ao arcebispo D. Rodrigo de Luna

AHDS, FG 100,peza 3, fol. 95r

Entre os ts: Álvaro Sánchez de Ávila, alcalde da Rocha.

1461, xullo, 17.

Aceptación do foro feito a Álvaro Sánchez de Ávila, alcaide da Rocha Forte, das propiedades da Tenza Grande do Cabido compostelano, trala recusación do tenceiro Vasco Martínez do primeiro foro firmado; desfaisa calquera acto realizado contra dito foro.

ACS, S 16/13

O documento contén o foro feito a Alvaro Sanchez o 5 de decembro de 1455 (v. supra)

1463-8-25, Santiago

Preitohomenaxe que fixo Alvaro Sánchez de Avila ao arcebispo Fonseca II polo castelo da Rocha.

Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Avila, ap. doc. nº 5

Inclúese na renovacion que fixo en 5-8-1464

1464-8-5

Álvaro Sánchez de Ávila renova o preitohomenaxe que fixera polo castelo da Rocha.

Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Avila, ap. doc. nº 5

1466?

Un tal Hinojedo/Finojedo levaba ou mandaba o castelo por Álvaro Sánchez de Ávila
Preito T-F, decl de Pedro Gómez, cóengo, pp. 63-64

*la dicha hermandad loca y se pusieron sobre ella y la derrocaran y tomaran siendo alcaide della por el dicho Alvaro Sanchez un Hinojedo e ansi la tomaron e poseieron e posieron por el suelo segund que agora esta... . Este apelido é citado no testamento de Álvaro Sánchez, que deixa ordenada unha xenerosa dote matrimonial para María de Finojedo, *mi criada* (parenta, protexida). Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Avila, ap. doc. nº 12*

1489-91

As contas da mesa arcebispal de Fonseca II, recollen á seguinte alusión:

Resçibi de Juan Gubio, maiordomo de tierra de Vendaña, del serviçio que los vezinos de dicha tierra devia a Su Señoria desde falleçio el alcaide de la Rocha, que son de los años de LXXXIX, XC, XCI, tres mill e quatroçientos e quarenta maravedis. (Libros de Recadación, C2, fol. 8r)

Este alcalde da Rocha debe ser Alvaro Sanchez de Avila. Non se cobrou porque o cobraba el? Era unha substitución das rendas que debía ter en función do cargo de casteleiro da Rocha?

Sobre o réxime de tenza da fortaleza v. Sánchez Sánchez, X. Álvaro Sánchez de Avila p. 119 e ss.

Outros

Veciñanza

1328-11-07

Dominga Pérez, chamada Soutiña, vive na Rocha Forte.

Xusto Martín e Lucas Alvarez, Fontes, Doc. 84.

#que eu Dominga Pérez, chamada Soutiña, moradora na Rocha Forte, por min e polo meu home Afonso Martinez... vendo e firmemente concedo a vos Fernando Pérez, cirurxián? Do barrio do Campo, para vos e para vosa esposa Sancha Pérez e para toda a vosa voz, canta herdade eu teño ou debo ter de parte do meu pai Pedro da Fonte, nas vilas de Deiro, Outeiro e Costenla, e outras...#

1475-9-2, Santiago

Acta da lectura no cabido da confraría do contrato da doazón que fixo o cardeal Martín López á confraría dunhas casas na Rúa do Vilar.

ACS, Confraría da Concepción, CF 2 (Libro de Facenda, 2), Fol. 14r-14v

Ts: *Afonso de Lemos, xastre, e Juan de Brujas, mercador e Alvaro da Rocha, morador cabo da Rocha e outros.*

A Xurisdición do Xiro da Rocha

O castelo da Rocha Forte era un referente no eido xurisdiccional, xa que era cabeza visible da demarcación denominada Xiro da Rocha; aínda que non están claros os procesos que levaron a conformación da xurisdición, o seu desenvolvemento nin mesmo o seu funcionamento ata o século XVIII.

O Xiro é un espazo xurisdiccional diferenciado da cidade cando menos desde mediados do s. XIII e nel se encadran as freguesías que non son do distrito urbano. Ten a súa orixe nos dous “xiros” ou territorios acoutados que os reis doan á igrexa de Santiago; así, á redonda do sepulcro do Apóstolo hai toda unha sorte de poboacións que están suxeitas ao señorío da Igrexa.

A zona máis externa é a que se integra no Xiro da Rocha. á que pertencían as freguesías de Busto, Laraño, Fecha, Grixoa, Reis, Ameixenda, Figueiras, Biduído, Ons (Cacheiras), Recensede, Carcacía, Rumille, Luou, Rarís, Calo, Oza, Sales, Conxo e os coutos de Rumille, Millán e Pousada, Formarís, Vilamaior e Vigo e Lamas.

Nos tempos medievais non está claro quen exercía o mando. Poderían ser ben unha sorte de “xustizas clérigas” como as que había no concello urbano (os xuíces de Luou e Villestro) ou pode que o mesmo casteleiro da Rocha (para o que podemos documentar tarefas deste tipo no século XV); o seu xulgado de referencia, non obstante, a partir dun momento dado é o dos xuíces da Quintana (herdeiros posiblemente daquelas xustizas eclesiásticas). As fontes documentais non pouco claras a este respecto e -polas liortas entre o Concello de Santiago e o arcebispo- parece que tampouco no seu tempo había un organigrama claro; pode ser, mesmo, que no tempo de D. Xoán Arias se modificase o plantexamento anterior.

É neste contexto de conflito entre o arcebispo e a cidade que agroma a primeira noticia do castelo como escenario político: o prelado pretende que os cidadáns acudan á xustiza ao castelo -se cadra intentando facer del un referente claro do poder no territorio compostelán e das novas formas coas que se exerce-. Esta pretensión foi desbotada pola coroa que

reubica os xuízos dos composteláns na propia cidade.

A partir do século XVI, varias sentenzas xudiciais clarificaron a cuestión pero é difícil saber canto do que sucede despois ven de antes pois para entón o castelo xa non existía.

No interno, a documentación do século XVIII presenta este territorio como encabezado por xuíces que se encargaría tamén de recibir as ordes arcebispais, mandatos reais, xulgar e castigar delitos, organizar plantíos e devesas, arranxar camiños, atender á recadación das taxas, vixiar os pesos e medidas e organizar os traballos colectivos; estaban auxiliados polos ministros. Cada freguesía e couto tiña os seus mordomos pedáneos que mandaban pechar as sebes, facían cumprir as ordes superiores, tiñan que gardar e prender os gandos, dar conta dos comportamentos que atentaban contra a orde moral, ter compostos os camiños, facer os repartimentos fiscais e, chegado o momento, organizar batidas de animais perigosos.

Os chamados “xuízos de residencia” fiscalizaban cada certo tempo o correcto funcionamento do sistema e o desempeño dos oficiais.

Como veciñanza, os habitantes do Xiro teñen tamén obrigas comunitarias: carretar materiais para as obras públicas, facilitar transportes para os mantementos do exército, traballar no arranxo dos camiños etc.

En 1791 a xurisdición da cidade de Santiago tiña 3834 contribuíntes, o Xiro 2987, algo máis que a vila de Noia e o seu distrito sendo superado só polas demarcacións de Pontevedra e as vilas do Morrazo-; estamos, xa que logo, ante unha das zonas máis relevantes da Terra de Santiago.

A Constitución de 1812 puxo fin ao réxime señorial e ás xurisdicións privativas que foron substituídas por *ayuntamientos* e provincias. Algúns indicios apuntan á existencia efímera dun *Ayuntamiento del Giro de la Rocha* pero a fin do trienio liberal trouxo a fin definitiva deste distrito que hoxe só pervive na organización eclesiástica.

Notas documentais

O Xiro, distrito xurisdicional

1253-2-15, Sevilla

Afonso X outorga un código ("fuero"?) á Terra de Santiago

López Ferreiro, *Fueros*, p. 363 e ss.

É un texto xenérico dun alcance real que non pode discernirse claramente ao respecto do Xiro da Rocha. De feito hai partes tomadas doutros "fueros" do reino castelán.

Unha das normas é de moito interese para o estudo do castelo: que non se poñan novos portádegos, senón os que xa estaban en tempos do seu avó (rei Afonso IX).

Queda por saber se afectaba esta norma tamén ao arcebispo de Santiago, pois de ser así hai que pensar que o portádegos da Rocha sería anterior ao castelo pois Afonso IX morreu en 1230.

s.f.? s. XIII?

Sobre que causas entenden os xuíces ordinarios de Santiago.

ACS, Libro de Constitucións 1, fol. 62r; tamén citado por Lopez Ferreiro en *Fueros*, p. 94-95

Quas causas audire debent duc judices ordinarii compostellanii

Ab omnibus iudicibus terre Sancti Jacobi semper fuit appellatum ad iudices Sancti Jacobi, tam de burgis quam de omnibus aliis locis et etiam de aliqua parte de comitatus de Trastamar. Item per querelam super causis uenerunt ad predictos iudices sancti Jacobi de toto giro de Ameya de Trasmonte, de Layas, de Logrosa, de Dubria, de Montanis et de Burgo de Duabus Casis et de Cornato... et quandocumque aliquis qui impetebatur uolebat uenire ad iudices Sancti Jacobi secundum consuetudinem non poterat ab aliquo impediri et similiter de Cordario et perticario pro omnibus uocibus suis.

1565

Crease na xurisdición da cidade o oficio de alguacil maior da cidade de Santiago, principalmente destinado a proceder ás execucións xudiciais e embargos de multas, prendemento de acusados e delincuentes e ronda da cidade.

AHDS, FX, 180, mazo 1

Parece non obstante que tamén *han conocido verbalmente de los pleitos y causas de los vecinos y moradores del Giro de la Rocha; en tal uso y costumbre han estado siempre, y de llevar los emplazamientos a los que no venian a los llamamientos y emplazamientos de los tales alguaziles o sus tenientes, a un real cada uno. Que antiguamente solian llevar a 3rs pero de ocho años a aquella parte no llebaban mas de a real porque se les ha quitado. Que esta preheminenca han tenido y se les ha guardado asimismo de llevar y cobrar por razon de carcelaje, de cada clerigo que prendian y metian en la Torre de la Plaza, dos reales y el carcelero llevaba medio real.*

1554-5-18

Nomeamento de lugartenente e alguacil maior e alcaide maior da cidade e Xiro da Rocha a prol de Pedro Lourenzo de Ben, veciño de Santiago.

AHUS, Protocolos Notariais, S-218, Fol. 104

Comparece ante o notario Andrés Brizeno, alguacil maior da cidade e arcebispado, e declara que nombraba y nombro en su lugar por *alguazil mayor de la dicha santa Iglesia, çiudad y arçobispado de Santiago y por alcaide de la Torre de la Plaza y Girio de la Rocha a Pedro Lorenço de Ben, veçino de la çiudad de Santiago.*

Deulle todo o poder para exercer, tanto como el recibira do arcebispo don Xoán de Toledo, *para que pudiese ser tal alguazil mayor y alcalde de la dicha fortaleza e Girio de la Rocha, por si o por quien su poder uviese y traer bara de justiçia, y executar e prender e nonbrar esecutores y carçeleros y aquellos remober y quitar y otros de nuevo criar e nonbrar y pedirles cuenta y resçibir fianças dellos y cobrar los derecho y cosas pertenesçientes al dicho alguazilasgo... tanto na cidade como no arcebispado.*

Funcionamento da xurisdición

1534-11-21, Santiago de Compostela

Reunión co concello do Xiro da Rocha na que se da poder para encabezar as rendas da xurisdición.

AHUS, Protocolos Notariais, S-191, fol. 29r-30r

Están presentes varios veciños por parroquia ou, no seu defecto o mordomo da freguesía (Vilvestro, San Xoán de Fecha, Calo, Santa Cristina de Fecha, Ameixenda) *vasallos e veciños e moradores del Girio de la Rocha*; por eles e por aquelas persoas e freguesías ausentes, deron poder a Vasco de Monteagudo, veciño de Ameixenda, para que compareza ante os oficiais das rendas reais para recibir o encabezamento das rendas do rei nas freguesías do Xiro da Rocha, para negociarlas e para facer calquera outro auto que considere pertinente.

1562-9-12, Santiago

Resposta dada pola veciñanza do Xiro da Rocha a un cambio no encabezado das alcabalas.

AHUS, Protocolos Notariais, S-269, Fol. 471r

Comparecen ante o notario veciños (dous ou tres por cada freguesía) de San Xoán de Fecha, Grixoa, Santa Cristina de Fecha, Ons e Oza e por si e polo resto de moradores no partido do Xiro da Rocha e din que por *quanto en el dicho partido les avia sydo dada y entregada una probysion real de Su Magestad escrita en molde y firmada ...que su Magestad hazia saber como se avian conçedido encabeçamiento general de las alcavalas deste reyno por quinze años y por çiertas causas...no se averen echo çiertas aberiguaçiones no se abia podido despachar el dicho encabeçamiento...* e entretando chegou orde de que se repartiran as alcabalas segundo antes se fixera e entretanto que se mandara recado para que os xestores das rendas reais tiveran información máis exacta para traballar.

Alegan que los vezinos y moradores del dicho partido estaban muy pobres con la carestia que abia en este reyno por causa de los pocos frutos de la tierra que en este reyno abia produçido y gran mortandad de ganados que en el abia abido, que casi no les abia quedado nynguna cosa y ellos no

tenian otras haziendas sino sus ganados y labranças, de lo qual estaban muy faltos y anichilados y estaban muy pobres, de tal manera que muchos vezinos del dicho partido se avian ausentado y dexado sus casas, mugeres e hijos por no las poder sustentar y mantener; y las dichas alcabalas con el dicho acrescētamiento benian muy subidas que de antes lo estaban, pero quellos con la buena boluntad que tenian y sienpre abian tenido de serbir a Su Real Magestad como sus leales basallos y ansi lo entendian de azer de aqui en adelante con sus personas bidas e aziendas asta la gastar y consumir toda en serbiçio de Su Real Magestad. Ellos por si y en nonbre del dicho partido aceptaron o encabezamento coa suba dos dichos treynta e siete mrs por çiento en el ynterin que se despachaba el dicho encabeçamiento.

Piden tamén que se mire a súa pobreza e se rebaixe o encabezamento definitivo.

O sistema de encabezamento das rendas substituíu no s. XVI ao procedemento anterior. Antes recadabase, no caso da alcabala, unha cantidade que era inestable e dependía -como o propio imposto- do volume total de intercambios sucedidos na comarca durante o ano; os encabezamentos establecen para cada distrito unha cantidade fixa, que depende da súa riqueza, e que debe entregarse aos recadadores, independentemente do volume real do devengado polo imposto.

1744

Residencia aos oficiais do Xiro da Rocha

AHDS, Fondo Xeral, 180, mazo 2

Relacion de las personas suxetas a residencia en la jurisdiccion del Jiro de la Rocha segun la razon dada por los escrivanos numerarios y maiordomos pedanios de ella:

- *Jueces*

Lic. D. Manuel de Hermida y Porras

Su theniente D. Alexandro de Castro

Dr d. Manuel Calvelo

Lcdo D. Antonio Sanchez, tenente

Lcdo D. Diego Estevez de Castro, difunto

Lcdo. D. Juan Ramirez, sutenente

Dr. D. Benito Casal Montenegro

Dr. D. Benito Feijo, thenente

- Escribanos de numero

Manuela de Castro⁷

Antonio de Zernadas

Domingo Fernandez Deza

Francisco Rodriguez

Antonio Garcia de Caamaño

Juan de Navaza y Vazquez

y Bartolome Fandiño

- Ministros

Andres Pérez, difunto

Juan Antonio Garcia

Migual de Mera

Andres Barcala

Jacobo Sanchez

Andres Antonio de Lago, asistente

Joseph Perez

Francisco Antonio Caamaño

Pedro Antonio Bandin

Fernando Sanchez Boado y Vaamonde

Benito Guerra

Lucas Lopez

Joseph Portor

7 Refírese aos titulares das notaría. Como a estas alturas son oficios enaxenados maiormente os titulares non as exercen así que si, tamén unha muller pode ser titular dun oficio destes, que serviría nomeando a un profesional.

Antonio Gil

- Mayordomos

(a continuación os das freguesías de Busto, Laraño, San Xoán de Fecha, Villestro, Santa Cristina de Fecha, Grixoa, couto de Millán e Pousada, Reis, Ameixenda, Figueiras, Biduído, couto de Formarís, Cacheiras e Recesende, Carcacía e Rumille, Luou e Rarís, Calo, couto de Vigo e Lamas, couto de Vilamaior, Calo, Oza, préstamo de Sales, Conxo)

Santa Maria de conxo.- Thomas Nieto actual

Pedro Bentin

Andres Calvo, dos años, defunto

Bernave Mareque

Francisco Saans, tres años

Juan Carolo

Francisco Perez

Simon Perez

Gabriel Guerra

Juan de Nogueira, dos años

Segundo o interrogatorio da pesquisa secreta, as súas atribucións serían:

Os xuíces deben xulgar e castigar os delitos, non aceptar subornos ou presións, obedecer e executar os mandatos da autoridade superior e dalos a coñecer, se e o caso, mirar de organizar plantíos e devesas, que se arranxen camiños e calzadas, poñer e cobrar aranceis de carnicerías e mesóns, supervisar o repartimento dos impostos, organizar os traballos colectivos e vixilancia dos pesos e medidas.

Os mordomos deben mandar pechar as sebes, aprisionar os gandos, dar conta dos amancebamentos e pecados públicos, non levar dereitos excesivos, ter compostos os camiños, calzadas e malos pasos, pechar os pastos comúns, facer os repartimentos con orde e xustiza e organizar batidas de animais perigosos.

Da pesquisa dedúcese que non hai grandes abusos.

1765

A partir de crease a figura do procurador xeral de cada capital provincial, neste caso Santiago; será nomeado polo Gobernador. Da xurisdición dos alcaldes da cidade propóñense 2 nomes, da xurisdición da Rocha outros tantos. (AHUS, AM 220, fol. 69)

O Xuíz do Xiro da Rocha, antes e despois, é a cabeza visible da xurisdición.

Notariado

A aparición de notariado é un dos síntomas clásicos da existencia e persistencia dunha xurisdición.

1362-5-24

Clausula testamentaria de Teresa Pérez

Manso Porto, *o códice* nº 20

O documento foi outorgado ante *Ruy Suares, escusador por Iohán da Meyra, notario da Rocha Forte de Santiago*

Modificacións na súa xeografía

s. XVII (1683)

Houbo un intento das parroquias de Ames e Covas de desagregarse da Amaía e integrarse no Xiro da Rocha. Apoian a súa pretensión no feito de ser terras de señorío arcebispal.

O proceso xudicial en ARG, Real Audiencia 3844/49, pero non trae sentenza; seguía en 1757 (AHUS, AM 201, fol. 267)

Noticias varias

A veciñanza do Xiro da Rocha ten obriga de colaborar en certas obras públicas da cidade, por exemplo carrexando para a reparación de rúas (AHUS, AM, 188, fol. 362-363; 1752) ou achegando carros para o abastecemento dos exércitos (AHUS AM 189, fol. 324; 1752)

1791

Datos estadísticos para a comparación

AHUS, AM, Consistorios 1791-5-9

Veciñanza da cidade de Santiago e a súa xurisdición: 3834 contribuíntes

Xiro da Rocha: 2987, so superado polos distritos da vila de Pontevedra e do Morrazo, un pouquiño mais que os da vila de Noia e a súa xurisdición

1814

Unha noticia algo confusa *alcalde constitucional del Giro de la Rocha*, podería indicar que esta zona ergueuse como concello independente a raíz da Constitución de Cádiz.

A mordomía da Rocha

Os bens e rendas dos arcebispos na contorna do castelo e no Xiro da Rocha foron administrados como unha mordomía; unidade de xestión que era a encargada de recadar todo tipo de rendas e dereitos pertencentes aos arcebispos. A figura do mordomo, que aparece claramente nos primeiros tempos, desfigurase a medida que nos achegamos ao final dos tempos medievais, cando se vai impondo o arrendamento da recadación; no século XVI e en adiante -cando definitivamente o castelo xa non existe- as rendas da mordomía son administradas directamente desde a Cámara arcebispal: como todas as demais, o contador as arrenda por un ou varios anos ao mellor postor. Se cadra pola proximidade xeográfica, será tamén el ou unha persoa delegada polo arcebispo quen se encargue de negociar e outorgar os contratos de explotación de fincas e instalacións.

Este esquema e liñas xerais de funcionamento é o que pode deducirse da escasa documentación conservada que non inclúe instrumentos de xestión interna como libros diarios, correspondencia, memoriais, etc. Lamentablemente, as destrucións sufridas polo arquivo arcebispal fan difícil a reconstrución de moitos aspectos da súa administración. As principais fontes documentais para o seu estudo son os inventarios e as contas xerais da mesa arcebispal nas que o Xiro da Rocha é un distrito máis de ingreso; a calidade informativa é desigual por canto algúns destes instrumentos relatan con detalle os items mentres que outros os agrupan baixo un único epígrafe. Para os tempos medievais dispoñemos de varios inventarios, agrupados no século XV no hoxe chamado Tombo Vermello, e de varios cadernos contables, procedentes da administración do arcebispo Fonseca II⁸.

Esta documentación do período fonsecano, aínda que pouco esclarecedora sobre o

8 Nos materiais anexos a este informe achéganse arquivos coa transcripción das pasaxes de interese destes documentos.

conxunto da mordomía achega un dato fundamental para a historia do castelo: unha data *ante quem* do seu desmantelamento definitivo pois non aparece neles mención algunha á fortaleza como ítem relevante no esquema administrativo: non precisa mantementos e non ten alcaide que leve emolumentos.

Os mordomos arcebispais emerxen na documentación contra finais do século XII aínda que non parecen claras as súas funcións e ámbito de acción. A súa función principal sería a xerencia das explotacións e o cobro das rendas arcebispais. Son nomeados polos prelados e ante el responden; con todo, parece que xa no s. XIV se cedían en arrendamento ou fiidade a cambio dunha renda anual fixa. Coñecemos os nomes de dous mordomos que arrendaron este celeiro da Rocha: Martiño Fernández de Peralta, escudeiro (1418) e Pedro Fernández de Tribaldes, cóengo (1435).

O celeiro da Rocha Forte aparece na primeira relación destas unidades administrativas da que dispoñemos, feito en tempos de D. Xoán Fernández de Limia (1331-1338); daquela estaba arrendado por 500 oitavas de pan e os cartos dos foros. Do seguinte relato, feito xa a finais dese século é posible obter unha impresión xeral da mordomía e os seus rendementos: casares e propiedades soltas (ata sumar 72 ítems) que se sitúan sobre todo no que hoxe é a comarca compostelá e que producen rendas en cereal e diñeiro así como animais e outros pagos en especie. O portádego do castelo non computa neste cálculo. Parece, non obstante, que algunhas fincas nos arrabaldes da cidade se administraron por tempadas dentro desta unidade, por proximidade seguramente; tamén entraban as rendas de orixe eclesiástica.

O celeiro estaba no castelo e alí levaban ás súas colleitas os labregos aos que o arrendador aforaba ou arrendaba as terras. Mentres o castelo estivo en pe, parte dos froitos e rendas recadados foron destinados á retenza ou gastos de cotío da fortaleza e a súa guarnición.

Desaparecido o castelo, perdese a pista do celeiro e mesmo do portádego. Durante os primeiros anos integráronse co conxunto das rendas urbanas que a mesa arcebispal arrendaba aínda que logo foron arrendadas independentemente. Os foros e arrendamentos que poñían en explotación as terras eran feitos por un oficial arcebispal,

xeralmente o contador e as rendas debían pagarse alí onde o recadador-arrendador determinara (segundo os contratos en Santiago ou Padrón).

En canto ao valor destas rendas é difícil establecelas en termos absolutos pero comparativamente pode dicirse que eran importantes: en 1603, cando sumaban 165.000 mrs superaban as dos distritos de Piloño e a Barreira e estaban preto dos 190.000 de Camba e Rodeiro.

Na contorna do castelo a mesa arcebispal non só posúe dereitos xurisdiccionais senón tamén a propiedade da maioría da terra dispoñible: as terras máis achegadas ao castelo, a aldea de Coira, Santomil, parte de Rial, Torrente, Os Chouchiños, Enfestela, o casal hoxe chamado Larañiño (preto da igrexa), Porto de Fornelos, etc.; levaba tamén parte dos dereitos parroquiais de Laraño.

Os estudos desenvolvidos por M. González Vázquez e a documentación do Tombo C apuntan a mesa arcebispal se fixo con este conxunto de propiedades e dereitos principalmente entre as últimas décadas do s. XII e 1266, cando a través do testamento de D. Xoán Arias intúese que o dominio está mais ou menos pechado. Está por determinar como algunhas desas adquisicións -nominalmente a nome da mesa capitular ou dalgún cóengo- acabaron na mesa arcebispal ou se a intensificación que parece ter lugar durante o mandato deste prelado garda relación coa construción do castelo -nun intento, por exemplo, de xerar ao seu arredor un territorio libre doutros propietarios.

v. tamén as seccións dedicadas ás diferentes localidades.

Noticias documentais

Datos xenéricos

1266-4-20

Testamento D. Xoán Arias

López Ferreiro, Historia, v. V, ap. 37

It. mandamus mense archiepiscopali possessiones infraescriptas. Primo Castellum et terram de aguyar...Castellum de Rocha forte cum LXXXVIII casalibus uel pluribus si ibi inuenta fuerint.

domum de Sisto cum XIII casalibus...

A verdade é que cita case todos os bens do que logo documentamos a mesa arcebispal; polos datos obtidos no Tombo C parece intuírse que a adquisición de bens foi intensa entre f. s. XII e a morte deste prelado.

Relación co castelo

antes de 1480

Preito Tavera-Fonseca

Cando menos neste tempo a renda dos casares da Rocha ía para retenza da fortaleza

Pleito T-F v. II, p. 338

Álvaro Sánchez de Ávila... comia toda la renta de los casares pertenesçientes al Girio de la Rocha que agora lleba la Mesa Arçobispal que lo llebaba por retenençia de la dicha fortaleza

Celeiro

Parece que é o que estrutura o mordomádego; as expresións dan a entender que, efectivamente, é unha infraestrutura na que se centralizaría a administración e recadación das rendas.

1331-1338

Relación dos bens da mesa arcebispal.

Iten o çeleyro da Rochaforte, que he arrendado por quinentas oytavas de pan e por los foros acostumbrados...

Iten as felegresias de Laraño e Côjo, cada año CCC maravedis (Tombo Vermello, fol. 63v)

Segundo afirma Marta González no seu libro *El arzobispo...* a expresión “que he arrendado” delata o cada vez menor peso do dominio territorial dentro da tesourería arcebispal. Non está xa baixo control directo dos oficiais dos prelados, senón que se delega

a súa xestión a cambio dunha renda anual fixa. Tamén os mordomados doutras zonas e mesmo vilas están arrendados

Non está claro como casa esta afirmación coa referencia das contas do tempo de Fonseca II na que se di que as rendas dos casares do Xiro eran para o mantemento do castelo. Cando menos nesa época, tal e como consta neses apuntes contables, sí que os castelos arcebispaís recibían total ou parcialmente as rendas das zonas máis próximas.

1398-1405

Reconto do mordomado da Rocha

Tombo Vermello, fol. 1r-58v

Segundo o reconto o mordomado constaría dunha serie de casares (máis que predios soltos) nas freguesías máis inmediatas ao castelo e no Xiro da Rocha: Laraño, Coucieiro, Covas, Conxo, Bastavales, Brión, Ames, Villestro, Biduido, Vedra, Santa María dos Anxos.

Son un total de 72 lotes de bens que deben rendas en cereal (uns unha porcentaxe da colleita, outros cantidades fixas de cebada, millo,) e diñeiro (polo concepto de benfeitoría e/ou foros e de tributos señoriais como a fogaza). Tamén vexetais (cebolas) e animais (porco, cabrito, galiñas), ovos, etc.

Entre eles están o casar de Laraño; o de Rial; e o que levaría un tal Domingo Freire, da Rocha. Tamén a *terraria* ou *prestamo* de Laraño (certos dereitos xurisdicionais), o que falaría da antigüidade deste lote.

c. 1409

Reconto de rendas que se recadan de San Xoán a San Xoán

Tombo Vermello, fol. 80r

A maior parte das rendas son recadadas de San Xoán a San Xoán. Segue existindo o "celeiro" da Rocha.

El çelleiro de la Rocha, renta cada año, lamentablemente non se nos proporciona cantidade.

1418-5-10

Arrendamento de Martiño Fernandez de Peralta, mordomo do celeiro da Rocha, a favor de Xoán de Quistiláns, veciño de San Martiño de Laraño, da metade das herdades que lle pertencen no lugar de Rial de dita freguesía.

AHUS, Clero, DIG 12, fol. 323v-324r

Recibe os bens o dito Xoán xunto coa sua muller, María Pérez. Recoñecen recibir en arrendamento de Martin Fernandez de Peralta *escudeiro, moordomo do çeleiro do castelo da Rocha Forte de Santiago.*

c. 1435

Reconto dos bens da mesa arcebispal

Tombo Vermello, fol. 82r-114v

El çillero de la dicha casa de la Rocha, es agora mayordomo Pero Fernández de Tribaldes, vuestro canónigo,...#colle e recada as rendas, foros e dereitos do dito celeiro e todas as outras cousas que andan con el; segundo a relación e conta que presentou renda cada ano en pan e millo miúdo 86 cargas de pan, mais ou menos. E mais 4 oitavas e unha rapada de trigo e un carneiro.#

Segundo parece, está administrado tamén desde este celeiro as hortas que están baixo a Porta da Trindade e o prado que din do Arcebispo. Unha das hortas a ten agora en prestimonio (*prestamo*) agora Roi Pelo, escudeiro, e pola outra e polo prado dan en renda 140 mrs vellos, que son en brancas 233 mrs e 2 coroados.

Di o mordomo que rendan os casares do celeiro 280 mrs de moeda vella, que son 466 mrs e 4 coroados de brancas.

Tamén lle pertence un agro xunto ao rio de San Francisco e outros casares, dereitos de presentación e beneficios que non detalla por canto os presentou nun memorial o cóengo Tribaldes e fixo unha pesquisa deles hai pouco tempo. O cóengo debe dar razón delo ao

arcebispo, así como doutras cousas que recada para o prelado (fol. 87r-88r)

f. s. XV (Antes de 1480)

Reconto dos bens da mesa arcebispal

Tombo Vermello, apéndice

Esta parte parece unha posta ao día con detalles e datos recentes dese memorial que fixera o cóengo Tribaldes; faise mención explícita á súas xestións e a resposta do arcebispo sobre todo isto.

Hai fincas en Santiago, en Biduído (Ventín, Fraiz, Quistiláns, Beriz?), Villestro (Silvouta), Ames (Ventosa, Vilar, Padrón, Pedras), Covas (Covas, Loureiros, Vilaverde, Capeáns, Conxo (Fornelos), Coucieiro, Bastavales (Reboredo de Cima), Couso. As xa mencionadas hortas e prado en Santiago.

As rendas: “pan terzado” (cebada e millo miúdo), mrs de foros e outras taxas señoriais; ovos, cabritos, porco,.. Tamén os padroádegos de Laraño, Biduído, Bugallido e Cornande.

Destes casares hai algún despoboado no momento do reconto: un deles esta preto de Santa Marta, outro é o de Enfestela e tamén:

Santa María de Conxo: Iten eno lugar de Enfestela, que esta junto con a Rocha Forte de Santiago, hu casal que perteesçe ao dito señor, que esta desprovado.

Jacome da Rocha, duas oytavas, húa marrâ e cabritu, XX ovos e VIII maravedis de foros.

Iten êna dita freguesia de Côjo perteesçe ao dito señor outros tres casares que estan junto ao pee da Rocha Forte de Santiago, que estan desprovados, porque lles fazen⁹ mal os casteleiros.

Juan de Lamas, duas cargas, húa marra e cabritu, viinte ovos, foros, VIII maravedis. Este dito año ha de dar mais hua carga de pan porque levantu casa.(fol. A-85v)

9 Esta expresión dá a entender que a anotación é anterior ao desmantelamento do castelo e posiblemente ao seu derrocamento.

Evolución do mordomado da Rocha

1481-91

Libros de Recadación do arcebispo Fonseca

Vázquez Bertomeu, *passim*

Segundo os datos proporcionados polos cadernos de recadación da mesa arcebispal durante eses anos, as rendas da mordomía da Rocha son principalmente agrarias: cereais (millo miúdo, centeo e trigo), marrás, cabritos. Algúns ovos e diñeiro de foros (8 mrs vellos por caseiro ao ano).

Está recadada por un mordomo, que presenta conta das súas xestións (=> non está arrendada).

Dos seus ingresos en especie, unha parte relevante úsase para atender as necesidades de alimentos: alimentación das guarnicións do Pico Sacro e Outes, principalmente (son fortalezas baixo xestión directa do arcebispo). Tamén para uso da casa arcebispal.

A renda entra na facenda arcebispal unha vez vendidos os remanentes que quedan tras repartir para as fortalezas, etc.

Segundo parece, algunhas das fincas que no Tombo Vermello se inclúen nesta mordomía, foron retiradas dela. Son prados e hortas na propia cidade de Santiago.

Nestas contabilidades, a portaxe do antigo castelo vai arrendada xunto co mordomadoo da cidade, aínda que non se explica o porqué.

1481-82

No desglose das contas da mesa arcebispal deste período.

Vázquez Bertomeu, Libros de Recadación

Tamén ten o arcebispo o mordomadego da cidade, que agora vai coa portaxe da Rocha:

Yten tyene el dicho señor arçobispo el mayordomadgo e portajes de la dicha çibdad de Santiago e de la Rocha Fuerte, de lo qual resçeby de Juan Afonso de la Cadena y de Juan de Rubiaos, quinse mill maravedis de pares de blancas del dicho año de ochenta e uno, porque estaban arrendados.

Parece que, unha vez desaparecido o castelo, isto se arrendou conxuntamente coa renda de

Santiago, así o dan a entender as entradas dos anos posteriores.

1539-7-30

Relaxación que fixo Sebastián Salgueiro da metade da renda do Xiro da Rocha.

AHUS, Protocolos Notariais, S-237, fol. 430r-433r

Comparece ante o notario Sebastián de Salgueiro, veciño de Santiago, e di que por canto el puxo en poxa as rendas da mordomía do Xiro da Rocha, pertencente ao arcebispo, en 93.000 mrs para este ano e os tres vindeiros. Declara telo feito con outros socios. Agora el levará a metade e Pedro Martínez de Oza e o licenciado Rodrigo Martínez, o seu fillo, a outra. A renda debe pagarse unha metade por Pascua de flores e o resto por San Xoán.

1539-8-18

Remate da recadación das rendas da mordomía do Xiro da Rocha en Gil Pérez de Lago, veciño de Noia, e poder que deu a Gonzalo Fuçiños, escribán, para collelas.

AHUS, Protocolos Notariais, S-197, fol. 470r-470v

En 26 de xullo Vasco Rodríguez de Gaioso, contador das rendas do arcebispo don Pedro Sarmiento, sacou a subasta a recadación das da mordomía do Xiro da Rocha durante tres anos, contando o presente.

Adxudicouse a Gil Pérez en noventa mil mrs

1550-1-18

Jácome do Mato, recadador das rendas da mordomía do Xiro da Rocha comprométese a sacar a paz e a salvo da fiadoria que por el presentaron Xoán do Casal, Pedro do Piñeiro, Xoán de Silvela e Fernando Mourullo no remate da renda.

AHUS, Protocolos Notariais, S-213, fol. 430r-145v

Jácome do Mato, veciño de Santiago, resultou mellor postor da *renta del Girio de la Rocha*, pertenescente al Illmo Sr Arçobispo polos anos de 1547, 1548 e 1549 por 67.600 mrs ao ano.

Deu por fiadores a estes homes que ademais de fiarlle lle axudaron no cobro; pagaron sen problema os anos 47 e 48 pero agora os fiadores piden garantía de que Jácome pagara ao contador o correspondente a 1549.

1564-8-6

Compromiso e obrigación que otorgou Maior de Vilaboa, como viúva de Bartolomé Freire, veciño de San Martiño de Laraño, a prol de ó de Castro, crego e veciño de Santiago, que ten ao seu cargo a recadación das rendas da mordomía do Xiro da Rocha, sobre a lutuosa que ten que pagar do pai.

AHUS, Protocolos notariais, S-227, fol. 333r-334v

O crego reclama a muller unha vaca, ela di que é súa, el que é a peza que pagara a lutuosa. finalmente, ela da un fiador de que pagará a lutuosa no seu momento. É un tal Antonio Pérez, veciño de Santiago, que asina o documento e avala a súa proposta.

c. 1580

Libro de rentas y derechos de la dignidad arzobispal

AHDS, FG, Bienes y Rentas, Leg. 56

Neste documento vanse desglosando os distritos e rendas que alimentan a mesa; advírtense algúns cambios na xeografía administrativa. Por exemplo, no mordomado de Vea agora agrupa os bens desta zona, por exemplo, o de Santa María de Couso que antes estaba no distrito da Rocha.

1603

Contas presentadas polo tesoureiro do arcebispo D: Maximiliano de Austria

AHDS, FG, Bienes y rentas, 77, lote 2

mas se le haze cargo de ciento y sesenta y cinco mill mrs en que se remato la renta del mayordomazgo del Girio de la Rocha en Gorgue Deira, con treinta ducados de prometido

É unha cantidade importante, máis que Piloño (2000), Camba e Rodeiro (190.000), A Barreira (100.000).

Mordomado do Xiro da Rocha

sen data (contra 1520)

Poder para os que recadan as rendas do mordomado do Xiro da Rocha pertencentes á mesa arcebispal e ao seu recadador, Gutierre de Sandoval.

AHUS, Protocolos Notariais, S-18, fol. 76r

Os delegados para o cobro son Xoán Porra, notario; Lopo da Grela e Xoán Ferrador, veciños de Santiago; poderán substituír en todo a o recadador do arcebispo.

Ansy de pan e maravedis de servizo e colleytios e otros pechos e derechos pertenesçientes al dicho mayordomazgo

c. 1580

Libro de rentas y derechos de la dignidad arzobispal

AHDS, FG, Bienes y Rentas, Leg. 56

Mordomado do Xiro da Rocha (fols. 1r-4v)

Maiordomazgo del Xirio de la Rocha que vale y lo que pagan los foros por la medida de Ávila que doce ferrados hazen carga y quarto de hanega castellana...

Paga Pariente (sic) do Ril10 treinta y cinco rapadas por la medida vieja, que hacen por la nueva ocho cargas y una marrana o seis reales por ella (fol. 1v)

Paga Antonio Pérez ocho cargas y un ferrado por la medida nueva, por el lugar y cassa de la Rocha que fue de Pedro de a Rocha, que lo traspaso en este Antonio Perez, Juan Artacho le hizo foro nuevo y la marrana o seis reales (fol. 3r)

Paga Jacome dos Chouchiños diez y seis rapadas por la medida vieja, que son por la nueva tres cargas y media y dos ferrados. Este los paga por el lugar y casal que se dice e nombra dos Chouchiños, el qual traspasó el derecho en (hueco en blanco) Ballesteros vecino de la feligresía de Santa María de Congo, al qual se le hizo foro nuevo por su Ilustrísima, y la marrana o seis reales (fol. 3r)

Paga Marcos de Torrente una carga por la medida vieja, que hace por la medida nueva media carga y cinco ferrados (fol. 3v)

Paga Miguel do Ril siete rapadas por la medida vieja, que son por la nueva una carga y media y un ferrado y medio (fol. 3v)

Paga el patronazgo de Santa María de Beduido doce rapadas por la medida vieja y por la nueva son tres cargas y quatro ferrados y medio.

Paga el padronazgo de San Ziao da Luaña veintisiete rapadas por la vieja, que son por la nueva seis cargas dos ferrados e un cuarto de otro ferrado.

Paga el padronazgo de San Martino de Laraño quince rapadas por la medida vieja, que son por la nueva tres cargas e quatro ferrados y medio (fols. 4r-v)

No Partido de Laraño:

Hai fincas en Quintiláns, Pardiñas de Abaixo, Laraño, Santomil, Coira, Ventín, Paredes, Biduido, Ameixenda. Comprende en total 26 ítems, entre fincas e dereitos sobre igrexas.

Sigue a continuación o partido de Augapesada onde se pagan separadamente lutuosa e colleitio, como noutras zonas. Na Rocha non sucede así, xa que van incluídos nos foros, posiblemente por tratarse dun territorio onde coinciden dereitos señoriais e de propiedade.

Hai tamén un mordomado de Veá que agora agrupa os bens desta zona, por exemplo, o de Santa María de Couso que antes estaba no distrito da Rocha.

Fol. 241r-v

Ingresos pola taxa do catedrático¹¹ que cobra o arcebispo

Arciprestado de la Rocha 4967 mrs nuevos, aunque no todo va al arzobispo pues van al cabildo por algunos beneficios que tiene anexados a la mesa.

¹¹ Taxa anual que pagan ao arcebispo o clero diocesano suxeito á obriga de asistencia ao sínodo, en recoñecemento da súa suxeición ao prelado.

A título comparativo, algúns datos doutros arceprestados:

Iria 8483

Amaia 5392

Conxo12 polo catedrático 159 mrs vellos.

Outros documentos de interese

1489

Testamento de Álvaro Sánchez de Avila

Sánchez Sánchez, Álvaro Sánchez de Avila, ap. doc. nº 12

Iten devo a Costança dos mill e trezientos maravedis partes por rason de las alcavalas del Girio del anno pasado de ocheenta e ocho, mando que ge los paguen.

Segundo a documentación posterior, as alcabalas -imposto sobre as transaccións comerciais- do Xiro da Rocha non entran dentro dos dereitos arcebispais; este mandato do testamento do antigo alcaide da Rocha, xa que logo resulta ambigua. Podería referirse a un pago pendente relacionado con negocios particulares, a unha *joint-venture* na recadación destas rendas, etc.

1604-09-22, Santiago

Xorxe Cedeira, prateiro, como arrendatario da renda do Xiro da Rocha pertencente ao arcebispo de Santiago, da carta de pago a prol de Antonio de Ballesteros, veciño da cidade das 9 cargas de pan centeo e 12 reais en diñeiro de cada ano da pensión que debe ao arcebispo polo lugar dos Chouchiños.

Goy Diz, Arte Santiago, v. I, doc. 1440

A renda foille rematada ante Gabriel Romero de Caamaño, notario público da cidade e das rendas arcebispais.

12 Como mosteiro non está obrigado ao pago do canon pero sí como entidade que administra e leva o beneficio parroquial.

Este documento amosa un detalle do proceso de recadación das rendas: o pago dos contribuíntes ao recadador arcebispal.

Contextos

1464

Tombo de Tenzas 3

Cando hai moitas fincas do cabido e a zona é un préstamo: o mordomo dita xustiza en disputas entre labregos sobre lindes de fincas (*çerraduras e chousuras de pan*), intervén nos repartimentos de alcabala. As atribucións do mordomo da Rocha poderían ir nesta liña.

Aquí e tamén noutros lugares, os tenceiros teñen obriga de facer concello por San Xoán *e aly ha de preguntar por todaslas cousas de que se entende de proveytar, asy de querelas e devedas como de quaesquer outras cousas* (fol. 402r). Ista práctica podería ser común e explicaría o porque dunha relación de rendas que a mesa arcebispal recolle de San Xoán a San Xoán, día no que a veciñanza se reúne.

1581-2-14

Acordo capitular para pagar ao cóengo tenceiro da tenza de Biduído 15 ducados polas tullas novas que comprou para a casa da dita tenza.

ACS, casas e tenzas, 74-2, fol. 74r

O cóengo, Cristobal de Soto comprara para a dita casa *una tulla nueva que llebara sesenta cargas y mas tres arcas ya hussadas que llebaran como treynta cargas* e ofreceu ao cabido que, se lle axudaba coa metade do gasto, deixaría todo para a tenza.

Aínda que o arcebispo é un importante propietario no contexto da Mordomía do Xiro da Rocha o certo é que existen outros. Parece que nos tempos medievais e mais adiante, cando houbo unha control próximo das explotacións, houbo espaxadas polo territorio casas e infraestruturas destinadas á recollida e almacenamento dos froitos procedentes das rendas forais.

O arciprestado do Xiro da Rocha

Ao longo do século XII quedou establecida unha xeografía da diocese compostelá que permaneceu case inalterable ata o século XIX. No caso do territorio máis próximo á cidade de Santiago, organizouse seguindo os circuítos dos Xiros: o Xiro da Cidade, que viña a funcionar como un distrito central; e o Xiro da Rocha, para aglutinar á contorna rural. Pertencen ao arciprestado do Xiro da Rocha as freguesías de Aríns, o Eixo, Marrozos, Ons (Cacheiras), Recesende, Ozón, Lucí, Reis, Rarís, Luou, Calo, Bugallido, Biduído, Ortoño, Laraño, Villestro, Figueiras, Ameixenda, Fecha (San Xoán e Santa Cristina), Grixoa, Verdía, Nemenzo; Busto, Marantes e, chegando un momento dado, Conxo. Xunto cos arciprestados da Amaía e Bama pecha o círculo do rural máis próximo a cidade de Santiago.

Como sucede co coñecemento dos pormenores da división parroquial na cidade, na contorna do Xiro e no establecemento dos seus fitos históricos iniciais hai máis sombras que luces. E aínda sería ben interesante establecer cando é que o seu nome se vincula definitivamente co castelo da Rocha. Todo apunta a que foi nalgún momento do século XIII, sen que haxa pistas que consoliden ningunha hipótese.

A parroquia de Conxo non aparece claramente incorporada a este arciprestado ata o século XVI, se cadra porque a cura de almas e outras funcións eclesiásticas estaban incorporadas ao mosteiro.

Na contorna si podemos identificar algúns procesos ben interesantes nestes séculos medievais, como son o esforzo do arcebispo e o cabido por incorporar dereitos (de nomeamento e de rendas) das igrexas e beneficios, que ata entón pertencían a cidadáns privados. No caso da mesa arcebispal, da a sensación de que o proceso foi ben intenso no século XIII.

A maior parte da documentación conservada é dos séculos modernos e atinxe principalmente ás visitas diocesanas, nas que se inspecciona a realidade física e espiritual

das distintas igrexas. Resulta ben interesantes estudialas de xeito sincrónico pois dan a quen as le unha visión ben complementaria á fornecida polos libros parroquiais; poden verse a través delas fenómenos moi interesantes como é a substitución das vellas igrexas medievais por outras máis novas, a emerxencia das confrarías parroquiais, o agromar das ermidas e capelas que aínda hoxe inzan o territorio e son un referente da sociabilidade e espiritualidade da comarca, etc.

Notas documentais

Dado o carácter contextualizador desta área temática, os referentes documentais son aqueles que xurdiron ao abeiro da busca xeral.

Delimitación

1102

Xelmirez refunda a corporación capitular.

López Ferreiro, *Historia*, v. III, p. 251

Listaxe dos membros desa entidade; entre eles: *Vimara, abad del Giro*

No apéndice 13 deste tomo faise relación (copia do s. XIX) dos que confirmaron un documento de Afonso VI.

Entre eles está *Vimara, abba in Giro*

Non está clara a data deste dato último, a súa veracidade nin o significado que podería ter esta expresión.

1171-2-12

Irmandade entre a igrexa compostelá e a orde militar de Santiago

López Ferreiro, *Historia*, v. IV, apéndice 45

Entre os que testemuñan o documento outorgado: *Magister Petrus, cardinalis, arcipresbiter de Giro, confirmans*

1177-5-17

Desde o século XII ata o século XIX a delimitación das dignidades e os seus territorios dentro da diocese compostelá permaneceu inalterable.

López Ferreiro, *Historia* v. IV, pp. 316-319

O que logo será o Xiro da Rocha é citado neste reparto inicial, xunto con Amaía, que pertencen ao deanado. É citado, simplemente, como Xiro sen referencialo a un lugar, castelo, etc. concreto.

O documento concreto nese mesmo tomo, ap. 50

1305

Fernando IV da sentenza entre o deán e as freguesías do deanado en relación ao Voto de Santiago

ACS, Tumbo C, fol. 299r-299v

Cita algunhas freguesías pertencentes ao Xiro como Arins, Luou, Reariz, Ames, Fecha.. sobre o voto pero non está Conxo porque pertence ao Xiro da cidade.

Os rendementos eclesiásticos

1500

Libro do subsidio da igrexa de Santiago

Vázquez Bertomeu, *O libro do subsidio*, p. 64-65

A taxa do subsidio é un imposto obrigatorio que pagan todos os beneficios eclesiásticos dunha diocese e a cota de cada un deles establécese en función da riqueza das rendas eclesiásticas que corresponden a cada un; xa que logo, aínda tendo en conta a posibilidade de certa ocultación, as nóminas deste tributo poden considerarse unha boa ferramenta para establecer comparacións entre a riqueza das distintas zonas.

Arçiprestadgo de Girio

III mill.CCC.XXXIII. San Martino d'Ariñs syn cabildo, tres mill e trezientos e treynta e tres mrs de

pares.

IIII^o mill. San Christoval do Ejo, quatro mill mrs.

VII mill. Santa Maria de Marrozos, siete mill mrs.

III mill.CCC.XXX. San Symon doêdes, syn cabildo tres mill e trezientos e treynta mrs.

III mill DC.LXVI. San Juan de Resçesende tres mill e seysçientos e sesenta e seys mrs.

VIII^o mill. Santa Baya d'Oçon, ocho mill mrs.

II mill. Santa Marina de Luçia, dos mill mrs

II mill. San Christoual de Reyes, syn cabildo, dos mill mrs.

IIII^o mill.D. San Juan de Calo, syn cabildo, quatro mill quinientos mrs.

VI mill. Sant Migel de Raariês, seys mill mrs

Vmill. D. Santa Maria de Luoo syn cabildo, çinco mill e quinientos mrs.

III mill. Sant Pedro de Bogallido, tres mill mrs.

II mill DC. Santa Maria de Beduydo dos mill e seysçientos mrs sin cabildo

VI mill San Juan d'Artoño, seys mill mrs.

II mill. San Martino de Laraño, dos mill mrs

VI mill, Santa Maria de Villestro, seys mill mrs.

V mill. Santa Maria de Figueyra, çinco mill mrs.

I mill. DCC. Santa Maria d'Amexenda, mill e seteçientos mrs

I mill. C.LXVI. Santa Christina de Fecha, mill e çiento e sesenta e seys mrs.

III mill Santa Maria da Yglijoa, tres mill mrs.

V mill D Santa Marina de Verdia, çinco mill e quinientos mrs.

IIII^o mill San Pedro de Busto, quatro mill mrs

III mill D. Santa Christina de Nomenço, tres mill e quinientos mrs.

III mill Sant Viçenço de Marantes, tres mill mrs.

III mill.D. San Juan de Fecha, tres mill e quinientos mrs

Conxo non pertence ao arciprestado -por se parroquia exenta-; si aparece como unha das abadías da diocese, cunha taxa adxudicada na gama media (20.000mrs) moi lonxe dos 60.000 de Antealtares ou dos 100.000 de Pinario, na banda das pequenas abadías como a de San Pedro de Fóra, Cis, etc.

Foron publicadas varias gráficas comparativas da aportación (= > rendementos) de cada arciprestado.

Rendas eclesiásticas

1331-38

No reconto de bens da mesa arcebispal de Santiago

Rodríguez González, *Tombo Vermello*, fol. 75r

Igrexas de presentación total ou parcial polo Arcebispo

Iten êno de adgo de Santiago:

Primeiramente, toda a igllesia de San Salvador de Cordeiro...

Iten oytavo de toda a igllesia de San Pero de Bogallido.

Iten a quarta de toda a igllesia de Santa Maria de Bedoydo.

Iten a terça de toda a igllesia de San Martiño de Laraño

O dereito a presentar é que o padrón (neste caso o arcebispo ou alguén no seu nome) pode designar ao crego que servirá o beneficio. Cando a propiedade deste dereito non é dunha única persoa ou ben fan quendas ou ben se poñen de acordo. O beneficio a presentar pode ser “con cura” e “sen cura” segundo teña obriga de prestar ou non cura de almas.

Para o padrón este dereito, ademáis do feito de nomeamento supón o cobro dunha parte das rendas eclesiásticas da igrexa.

1331-38

No reconto de bens da mesa arcebispal de Santiago

Rodríguez González, *Tombo Vermello*, fol. 63v

Iten as felegresias de Laraño e Côjo, cada año CCC maravedis

1352

Reconto dos bens do cabido catedralicio, na Tenza Grande

ACS, Tombo de Tenzas 2, fol. 73v

Item da igllesia de Sam Martino de Laranno por Donna Eldara Froyas, soldos quatro de leoneses...

Das igllesias de Velestro et de Laraño por Pedro Aras clerigo medea quarta de vinno de libras duas et soldos VIII...

ademáis en Tombo de Tenzas 1, fol. 74r

Das igllesias de Veduydo et de Bogallido por Diego Pellaes Magorii huun freton de prata conuen a saber hua onça de cada huun suya teener Affon Couriol et Aluar Pellaes.

1352.

Reconto dos bens do cabido catedralicio, na Tenza dos maitíns

ACS, Tombo de Tenzas 2, fol. 82v

Item da igllesia de Santa Maria de Vellestro que he eno Dayadigo huun freton que ha de pagar Fernan Martines Serpe, chanfre de Tuy, et ha apresentaçom dos quatro duyzemos da parte que teue o dito Fernan Martines...

Item da igllesia de Sam Martino de Larano que he eno Dayadigo viinte teeigas de pam per la teeyga da igllesia et huun cabrito et triinta ouos et hua ansara tem Johan Afon de Mayorga terça ten Rodrigo Gs. et fillo de Fernam da Mao duas partes.

f. s. XV (c. 1480)

Reconto dos bens da mesa arcebispal, no mordomado da Rocha

Rodríguez González, *Tombo Vermello* (fol. A-83v)

Padroádegos

En San Martiño de Laraño, 3 cargas de pan ao ano

En Biduido, 6 fanegas de pan

En Bugallido, 6 fanegas de pan

En Cornande, 4 oitavas de pan e mais 3 libras.

C. 1580

Libro dos bens da mitra compostelá

AHDS, F.G. 56, fols. 4r-v

Paga el patronazgo de Santa María de Beduido doce rapadas por la medida vieja y por la nueva son tres cargas y quatro ferrados y medio.

Paga el padronazgo de San Ziao da Luaña veintisiete rapadas por la vieja, que son por la nueva seis cargas dos ferrados e un quarto de otro ferrado.

Paga el padronazgo de San Martino de Laraño quince rapadas por la medida vieja, que son por la nueva tres cargas e quatro ferrados y medio

s. XVI

Repertorio dos bens e rendas da mesa arcebispal

AHDS, FG. 55, fol. 140r

Vale el serviçio catredatico del arciprestazgo del Xirio de la Rocha en cada un año quatro mill e nuevecientos e sesenta e siete maravedis nuevos, de los que se an de quitar çiento y treynta e tres mrs biejos por los dos terçios sin cura de San Martino d'Arins que es del cavildo, y ochenta mrs por la mitad sin cura de San Simon d'Ons, y çiento y quarenta y siete mrs e medio por dos terçios sin cura de san Christoval de Reyes, y noventa mrs por la mitad sin cura de San Juan de Calo, y sesenta y dos mrs por la mitad sin cura de Santa Maria de Luou, y veinte y ocho y medio por un terçio sin cura de Santa Maria de Biduydo, que todas estas sincuras son del cabildo de Santiago y estos mrs todos son viejos.

1583

Contas da cámara e tesoureiría arcebispal referidas a 1583

AHDS, FG, Bienes y rentas, 77, lote 1

Servicios catredaticos. Giro de la Rocha

Primeramente paga en cada un año el Jirio de la Rocha quatro mill y sesenta e siete mrs...

1603

Contas presentadas polo tesoureiro do arcebispo D: Maximiliano de Austria

AHDS, FX, Bens e Rendas, 77, lote 2

Servizo catedrático

mas se le hace cargo de quatro mill y sesenta y siete mrs por el arciprestazgo del Giro de la Rocha, del dicho año pasado de mill y seiscientos y tres

1746

Libro de rentas de la dignidad arzobispal echo en 1º de enero de 1746 siendo arzobispo el Illmo señor Gil <Taboada>

AHDS, FG 54

Servizo catedrático:

Giro de la Rocha

El arciprestazgo del Jiro de la Rocha paga al año 112 rs 26 mrs

Amaia paga 150,10 é mais ou menos o que paga Postmarcos de Arriba (117) e máis que Piloño (59.20) ou Tabeirós (75.5) (fol 46v)

sincuras y otras rentas...

Giro de la Rocha:

<i>año de 1746</i>	<i>14rs</i>
<i>año de 1747</i>	<i>14 rs 900 mrs</i>
<i>año de 1748</i>	<i>7.500</i>
<i>año de 1749</i>	<i>8</i>
<i>año de 1750</i>	<i>6.600 (fol. 79r)</i>

Datos de Contexto

Para comparar a riqueza relativa deste arceprestado

C. 1580

Libro das rendas da mesa arcebispal

AHDS, FG 56, fol. 241r-241v

Ingresos pola taxa do Catedrático que cobra o arcebispo no Arciprestado da Rocha 4967 mrs novos, aínda que non todo vai ao arcebispo pois tamén o cabido leva unha parte, por canto algúns beneficios están anexionado á súa mesa.

A titulo comparativo:

Iria 8483

Amaia 5392

Paga Conxo polo catedrático 159 mrs vellos

Visita de 1598

1598

Visita Pastoral a todo o arcebisado.

ACS Visitas Pastorais, IG 277

Santa María de Biduído: ay una hermita de la Magdalena que esta aneja al Ospital Real, tiene de renta una carga de pan. (fol. 27r)

San Martiño de Laraño: Esta feligresia es aneja a la pasada (Biduído) con obligación de que el rector diga dos missas. Ay treynta y seis feligreses. Los frutos todos al rector, eçeto las siete cargas derechas de presentación. La fabrica tiene de renta siete cargas de pan y una tierra que quando se arrienda y siembra renta tres ferrados de pan (fol 28r)

Dos iglesias que caen en este arçiprestazgo que son Santa Maria de Saar y el monesterio de Santa Maria de Conjo, se pornan en las parrochias de la çiudad por estar çerca della y con estas dos son

todas las feligresias de este arçiprestazgo, las quales veynte y siete de que atras se haze menzion (fol. 29r)

Información detallada do conxunto do arçiprestado no s. XVII pode atoparse en [Hoyo](#), Jerónimo. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago: Porto y Cía eds., 1950?

O CASTELO DA ROCHA FORTE	1
<i>Cronoloxía Xeral</i>	1
<i>Contextos inmediatos</i>	12
<i>Posibles fases construtivas</i>	14
Fitos cronolóxicos de interese construtivo.....	17
<i>Contexto construtivo/destrutivo</i>	19
<i>O Castelo como centro de poder</i>	22
Noticias documentais.....	24
O castelo: función xudicial.....	24
Residencia arcebispal	26
Itinerarios de acceso	28
<i>Un castelo para controlar a cidade</i>	30
Noticias documentais.....	31
O Portádego	38
Noticias documentais.....	39
<i>A Tenza da Fortaleza</i>	41
Noticias documentais.....	42
<i>Outros acontecementos ligados ao castelo</i>	43
Noticias documentais.....	43
1366: morte do arcebispo don Sueiro	43
1386-90: invasión de Galicia polo Duque de Lancaster	44
1458-60: cerco polo Conde de Trastámara	45
1458-1480: Guerras e asedios segundo o Preto Tavera-Fonseca	48
<i>Os Irmandiños e o derrubo do castelo</i>	50
<i>A reconstrución de 1471</i>	57
<i>Desmantelamento vs reconstrución</i>	59
Noticias documentais.....	59
<i>Aparencia</i>	72
Noticias documentais.....	72
Imaxes do ACS.....	72
Declaracións do Preto Tavera Fonseca	74
<i>A Capela do castelo</i>	77
<i>O Pico Sacro</i>	79
Noticias documentais.....	79
<i>Descricións do P. Tavera-Fonseca</i>	82
<i>As ruínas</i>	89
Noticias documentais.....	89
<i>Intervencións de Pedro de Brey na contorna do castelo</i>	95
Noticias documentais.....	95
PERSONAXES VINCULADOS AO CASTELO.....	101
<i>Don Xoán Arias (?-4/5/1266)</i>	101

Noticias documentais.....	103
<i>Afonso Suárez de Deza (?-16/09/1320)</i>	106
Noticias documentais.....	107
<i>Fr. Berenguel de Landoira, arcebispo de Santiago (aprox. 1262-1330)</i>	109
Noticias documentais.....	111
<i>Afonso de Fonseca II, arcebispo de Santiago (?-1507)</i>	112
Noticias documentais.....	115
<i>Álvaro Sánchez de Ávila</i>	117
Noticias documentais.....	119
<i>Gonzalo Bispo, mestre de obras da catedral</i>	131
<i>Xoán Mariño de Lobeira, arceidiago da Raña</i>	131
Noticias documentais.....	132
<i>Os casteleiros</i>	134
Casteleiros/alcaides.....	134
<i>Outros</i>	139
Veciñanza.....	139
A XURISDICIÓN DO XIRO DA ROCHA	140
<i>Notas documentais</i>	142
O Xiro, distrito xurisdiccional	142
Funcionamento da xurisdición.....	144
Notariado	148
Modificacións na súa xeografía	148
Noticias varias	148
A MORDOMÍA DA ROCHA	150
<i>Noticias documentais</i>	152
Datos xenéricos.....	152
Relación co castelo	153
Celeiro	153
Evolución do mordomado da Rocha.....	157
Mordomado do Xiro da Rocha	160
Outros documentos de interese	162
Contextos.....	163
O ARCIPRESTADO DO XIRO DA ROCHA	164
<i>Notas documentais</i>	165
Delimitación	165
Os rendementos eclesiásticos.....	166
Rendas eclesiásticas.....	168
Datos de Contexto.....	172
Visita de 1598	172